

ACTA NÚM. 13 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2017.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **19 de outubro de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **interventora xeral do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 2. Aprobación provisional da modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital.**
- 3. Aprobación definitiva do estudo de detalle da parcela N4a01c do quinceiro N do SUNP-40. Parque empresarial da Sionlla.**
- 4. Aprobación provisional da modificación puntual do PXOM para o sinalamento de aliñacións na N-525. Tramo I. Núcleo da Susana.**
- 5. Aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal 1.01, imposto sobre bens inmobles.**
- 6. Proposición do grupo municipal do BNG, para axilizar a tramitación das licenzas de urbanismo.**
- 7. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa a que se estude a ampliación da piscina do centro deportivo de Santa Isabel.**
- 8. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre unha maior información á cidadanía dos detalles da futura ordenación do transporte público municipal.**
- 9. Dar conta da execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre do exercicio de 2017.**

10. Dar conta dos reparos efectuados pola intervención municipal ao segundo semestre do exercicio de 2016.

11. Dar conta de resolucións da alcaldía de 19 e 27 de setembro de 2017.

12. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

13. Comparecencia da concelleira de economía, facenda e administración, acordada na sesión plenaria do día 21 de setembro de 2017.

14. Rogos e preguntas.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Antes de comezar a tratar os asuntos da orde do día, gardase un minuto de silencio polas vítimas da violencia machista.

A continuación teñen lugar a intervención na sesión plenaria de Don Miguel Fernández Blanco, en representación da Rede Galega de Persoas Refuxiadas e Don Alberto Martínez Eiras, en apoio as forzas e corpos de seguridade do estado.

1. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece a toma de posesión.

2. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA ESPECIAL OE-5 GALERAS DO PXOM, NO ÁMBITO DO ANTIGO HOSPITAL.

Auséntase da sesión a señora interventora.

O informe xurídico emitido pola xefa de sección de xestión urbanística e que trae o conforme do secretario xeral do pleno con data 6 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O proxecto fórmase pola Sección Municipal de Planeamento a resultas da encomenda efectuada por providencia do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade de data 27 de outubro de 2015.

O ámbito da Modificación correspóndese coa parcela catastral 7081201NH3478A0001EE, ocupada polo edificio do vello Hospital Provincial, na rúa de Galeras.

A Modificación tamén altera as condicións de ordenación da zona verde publica lindante (ZV.G - V-38), prevendo a reserva de aparcadoiro no seu subsolo.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) inclúe a parcela no sistema local de equipamento asistencial (AS-36), e na disposición final 3ª da súa normativa remite a ordenación detallada deste ámbito á *Modificación puntual do PXOU e do PE-1 para a creación da ordenanza especial OE-5 (Galeras-Universidade)*, que foi definitivamente aprobada polo Pleno do Concello de Santiago o 16 de xullo de 2001.

No ámbito da OE-5 aprobáronse definitivamente dous Estudos de detalle, con datas 29 de setembro de 2005 e 28 de xuño de 2012. O primeiro deles afectou á ordenación pormenorizada da parcela 2 (quinteiro edificado na confluencia das rúas Galeras e García Sabell), e o segundo supuxo un reaxuste das aliñacións na parcela IA-21 (Escola de Estomatoloxía).

Na citada ordenanza especial (OE-5) a parcela do antigo Hospital cualifícase como ***equipamento de carácter privado, AS-G***, coas condicións particulares que deseguido se transcriben:

Condicións particulares

Parcela AS.G

A edificación que se consolida é a parte correspondente ao vello Hospital Provincial, tal e como se recolle nos planos de ordenación. Resulta necesario, polo tanto, derrubar as zonas correspondentes aos anexos e engadidos posteriores, e resolver adecuadamente as novas fachadas que resultan da supresión dos volumes que desaparecen.

Manteranse as características construtivas e estruturais do edificio e a súa distribución, admitíndose unicamente aquelas actuacións de rehabilitación, acondicionamento e adaptación que resulten estritamente necesarias para adaptar o edificio aos novos usos propostos.

Admítese a separación funcional da edificación en dúas pezas ou edificios independentes, de acordo co indicado nos estudos tipolóxicos incluídos no anexo II, e

sempre que se garantan para cada unha das pezas separadas as condicións de accesibilidade, etc., que resulten esixibles.

A zona cualificada como espazo libre privado que dá fronte á rúa das Galeras será de uso público, sen que poidan instalarse elementos de peche deste recinto, que quedará integrado co espazo público circundante, con independencia do seu carácter de ben privativo.

As zonas libres privadas que dan fronte á nova zona verde serán de uso privativo para o servizo do edificio, e nelas poderán instalarse elementos de peche, que deberán estudarse no propio proxecto do edificio, garantindo a súa correcta integración no conxunto da urbanización.

Usos

En edificio exclusivo autorízanse os usos residencial-comunitario; asistencial e sanitario.

No suposto de que o edificio se organice en dúas pezas funcionalmente independentes, as condicións de uso aplicaranse a cada unha destas pezas, entendendo cada unha delas como edificio exclusivo.

Neste caso, admítase de xeito complementario o uso hoteleiro, ocupando como máximo unicamente unha das dúas pezas.

As condicións volumétricas de edificación son as que se definen graficamente nos planos e alzados de ordenación da Modificación puntual anteriormente citada, e representan a volumetría actual consolidada, cunha pequena ampliación no corpo da á norte, segundo reflicte o plano de alzados.

2. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO DA MODIFICACIÓN

A Modificación pretende a consecución dos obxectivos sinalados no Protocolo entre a USC e o Concello de Santiago que foi aprobado polo Pleno Municipal o día 30 de xaneiro de 2015, e cuxas cláusulas 1 e 2 recollen os seguintes compromisos para a administración municipal:

1. O Concello de Santiago de Compostela redactará e tramitará unha modificación da OE-5, co obxecto de flexibilizar a conservación integral do vello Hospital mantendo a esencialidade do edificio construído, tanto no que se refire ás fachadas pétreas como a súa tipoloxía hospitalaria tan característica, e a envolvente volumétrica que marca a altura das cornixas.

2. Ademais dos usos considerados na OE-5: residencial comunitario, asistencial, sanitario e todos aqueles que se describen no artigo 136 do PXOM, Sistema de equipamentos e dotacións, a modificación introducirá como usos permitidos os terciarios.

A finalidade última da Modificación é facilitar a posta en uso do inmobile, evitando o seu crecente deterioro, e incentivando as súas posibilidades de utilización, para o cal se estima necesario ampliar os usos autorizados e flexibilizar as condicións de intervención sobre a edificación existente.

O edificio, tanto pola súa posición estratéxica na cidade como polo seu carácter de elemento representativo dunha singular arquitectura e da memoria histórica de Compostela, merece unha especial consideración dende o punto de vista urbanístico.

O seu estado de crecente deterioro, no contexto dun mercado inmobiliario pouco favorable, xustifica o exercicio do *iusvariandía* fin de facer compatible a preservación das súas características esenciais coa mellora da súa funcionalidade ou aptitude para albergar novos usos, dotacionais e de carácter terciario.

No apartado correspondente da memoria do proxecto indícase o seguinte, sobre o interese público da Modificación:

“O edificio do vello Hospital Provincial constitúe un exemplar representativo da tipoloxía hospitalaria, ao tempo que se trata dun elemento clave na memoria histórica da cidade e na configuración da imaxe urbana da cidade histórica na súa vertente oeste, visible dende os miradoiros do parque do Espiño, Monte Pío e Pedroso.

A través da presente Modificación preténdese a recuperación e posta en valor dun edificio con gran presenza na imaxe urbana da cidade, protexendo os seus elementos esenciais, e facilitando a implantación de novos usos que incentiven a súa rehabilitación, co fin principal de frear o actual proceso de deterioro.

Durante o proceso de avaliación ambiental estratéxica, as distintas administracións competentes avaliaron positivamente os obxectivos da Modificación, que compatibiliza a protección do inmobile coa ampliación das súas posibilidades de uso e intervención.”

3. CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

O alcance da Modificación, segundo se describe documento, pode sintetizarse en varios aspectos:

1. Diversificación de usos: Ampliase o catálogo de usos autorizables, engadindo aos xa permitidos polo plan vixente -residencial comunitario, sanitario, asistencial e hoteleiro- os seguintes: sociocultural, docente, comercial e oficinas. Así mesmo, permítese a combinación de varios usos, admitindo a ocupación do inmovible con usos non exclusivos.

O uso comercial autorízase exclusivamente na planta baixa da edificación e na categoría 2ª (definida no artigo 109 do PXOM), mentres que o hoteleiro e oficinas poderán distribuírse en calquera planta, en combinación tanto horizontal como vertical.

Os usos de carácter terciario non dotacional -hoteleiro, comercial, oficinas- non poderán exceder, no seu conxunto, o 50% da total superficie construída no inmovible.

2. Condicións volumétricas: A Modificación mantén as actuais características tipolóxicas do edificio, ocupación en planta, volumetría e fachadas. Porén, a resultas do informe emitido pola Dirección xeral de Patrimonio cultural, e co fin de recuperar a simetría orixinal do edificio, establece a obriga de derrubar o volume da última planta, ampliada no corpo sur, ao tempo que se suprime a posibilidade de realizar a mesma ampliación no corpo norte.

3. Dotación de prazas de aparcadoiro: Ao se tratar dun edificio singular e protexido, considérase xustificado excepciónar a dotación obrigatoria de prazas de aparcadoiro, sempre que se acredite que a súa execución excede das posibilidades reais e razoables de intervención no subsolo da edificación existente.

En todo caso, prevese a reserva dun aparcadoiro público no subsolo da zona verde pública ZV.G e do paso peonil contiguo

4. Espazos libres privados: Defínense as condicións de actuación sobre os espazos libres privados da parcela, diferenciando os da fachada oeste e leste da edificación.

5. Condicións estéticas: Establécese a conservación da fachada pétrea monumental, nas condicións sinaladas no documento. En todo caso, calquera intervención na edificación ou nos elementos de carácter funcional que forman parte do conxunto deberá axustarse ao sinalado na ficha de catalogación que se incorpora ao Catálogo do Plan xeral, e someterase á autorización previa da DXPC.

6. Incorporación ao Catálogo de bens culturais do PXOM: De acordo co informe de Patrimonio Cultural, incorpórase o inmovible ao Catálogo coa referencia A-68, co nivel de protección estrutural, segundo se regula no artigo 42 da Lei 5/2016, do 4 de maio, *do patrimonio cultural de Galicia*, definíndose na presente Modificación os elementos protexidos. A protección estrutural do inmovible leva implícito o mantemento do

entramado estrutural, se ben indicase a posibilidade de admitir obras de reestruturación, de forma excepcional e motivada, previa xustificación que haberá de realizar o proxecto de intervención, e con autorización do organismo competente en materia de protección do patrimonio cultural.

4. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Previo acordo adoptado polo Pleno Municipal con data 28 de abril de 2016, remitiuse ao órgano ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica, xunto co Documento ambiental estratéxico (DAE) e o Borrador do plan.

A Secretaría de Calidade e Avaliación ambiental, mediante resolución do 5 de setembro de 2016 -publicada no DOG do día 29 de setembro de 2016-, formulou o Informe ambiental estratéxico (Expediente 2016AAE1903, código web 1808/2016), que recomenda integrar no planeamento as seguintes determinacións:

- *A MP deberá incorporar o antigo Hospital Provincial no catálogo de elementos do patrimonio cultural a protexer do PXOM de Santiago de Compostela. Dentro da ficha valorarase asignar distintos niveis de protección a cada elemento ou partes do edificio, establecendo determinacións específicas para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.*
- *Ademais da fachada pétreo, a proposta deberá contemplar dentro dos elementos a protexer: a estrutura, a fonte ornamental e a escalinata monumental.*
- *O documento deberá establecer con claridade as oportunas limitacións nos usos terciarios que se introduzan, de xeito que non se desvirtúe o carácter dotacional da actuación.*

5. RESULTADO DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno municipal por acordo adoptado o 19 de xaneiro de 2017 e someteuse a información pública, durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal El Correo Gallego (con data 8 de marzo de 2017) e no Diario Oficial de Galicia do día 13 de marzo de 2017.

Remitido o expediente á Consellería segundo esixe o artigo 60.7 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, con data 24 de agosto recibíuse o informe da Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, asinado o 4 de agosto, no que se da conta do resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes, así como dos informes sectoriais autonómicos solicitados e recibidos.

Polo que atinxe ao trámite de **audiencia aos concellos limítrofes**, consta informe favorable do Concello de Boqueixón. Segundo indica o informe autonómico, os restantes concellos contaban cun prazo para responder que finalizaba o día 28/07/2017. Rematado o dito prazo, non foi recibida nestas dependencias a resposta deses concellos, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Durante o trámite de participación pública formuláronse varias alegacións, que son obxecto de análise pormenorizado, con proposta de resolución, no informe emitido pola arquitecta municipal redactora do proxecto, ao que nos remitimos, engadindo só dúas cuestións de carácter xurídico:

- Sobre a motivación do interese público da Modificación, no expediente tramitado constan informes emitidos tanto por esta Sección como polas distintas administracións que avalían positivamente o interese da actuación proxectada. Porén, inclúese no apartado correspondente da Memoria do proxecto -Xustificación da Modificación- a motivación do exercizo do iusvariandi.
- Sobre a posibilidade de vincular o aparcamento da zona pública ao edificio, non corresponde ao planeamento regular esta cuestión, que haberá de avaliarse no procedemento que corresponda e a través da fórmula que legalmente proceda, de acordo coa lexislación patrimonial (concesión demanial, reserva de prazas no aparcamento público, ...)

6. INFORMES SECTORIAIS

No informe emitido pola Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data 4 de agosto de 2017, faise constar a emisión dos seguintes informes sectoriais autonómicos:

- Informe favorable asinado o 2 de maio de 2017 polo subdirector xeral de Planificación e Protección civil.
- Informe favorable emitido o 6 de xuño de 2017 pola Axencia Galega de Infraestruturas.
- Informe favorable asinado o 17 de xullo de 2017 polo Instituto de Estudos do Territorio, relativo á protección da paisaxe.
- Informe asinado o 3 de xullo de 2017 pola directora xeral do Patrimonio cultural, de sentido favorable, se ben *“condicionado a que se inclúan na normativa, nos planos e na ficha as determinacións do informe, e en concreto:*

- 1. Adecuar normativa do PXOM ao novo nivel de protección estrutural asignado ao edificio.*
- 2. Completar a ficha A-68*
- 3. Modificar o relativo ás condicións estéticas e volumétricas, segundo o indicado”*

No que atinxe ás condicións volumétricas e estéticas, o informe indica o seguinte:

Respecto da posibilidade de completar a última planta do corpo norte do edificio, ten interese a recuperación da simetría inicial do edificio, xa que a planta foi ampliada no corpo sur, aínda que se entende que sería máis acorde coa protección da volumetría do edificio a demolición do volume da última planta ampliado no corpo sur, recuperando o volume inicial, especialmente tendo en conta que a fachada norte é obxecto de protección específica.

As condicións estéticas que se concretan respecto do tratamento das fachadas deberán eliminarse da ordenanza, para a súa valoración concreta no trámite de autorización previa da DXPC á vista da proposta concreta, toda vez que a autorización de obras e intervencións no edificio está excluída da delegación de competencias no denominado perímetro azul do concello.

Cómpre engadir que no plano 02 de ordenación modificado, as cores azuis das tramas de “espazo libre da parcela de uso público” e “espazo libre da parcela de uso privado” non se distinguen.

O documento reformado que se somete á aprobación provisional, da cumprimento ao condicionado do informe transcrito. Polo que atinxe á adecuación da normativa do PXOM para incorporar o nivel de protección estrutural, tratase dunha modificación de alcance xeral que afectaría non só aos artigos 170 e seguintes do PXOM senón que tamén obrigaría a revisar todas as fichas do Catálogo. Polo tanto o seu obxecto excede do da presente Modificación, habendo de estudarse no marco da revisión do Catálogo.

7. DOCUMENTO REFORMADO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL

A resultas das alegacións presentadas e do informe emitido pola Dirección xeral do Patrimonio cultural, elaborouse un documento reformado, ao que se incorporaron as seguintes reformas respecto do aprobado inicialmente e sometido a información pública:

- Modificación da volumetría, suprimindo parte da última planta do corpo sur e a posibilidade de ampliar a metade do corpo norte, por unha banda, e por outra, posibilidade de ocupación dos patios leste en planta baixa.

- Ampliación da reserva de aparcamento incluíndo o paso peonil situado entre a zona verde e a edificación.
- Aclaracións das cuestións relativas a posibilidade de compartir servizos comúns entre os distintos usos ou da execución por fases.
- Supresión das cuestións relativas ao tratamento de cubertas e fachadas.
- Modificación da ficha nos termos expresados polo informe da DXPC.
- Completase o apartado *Xustificación da modificación* para explicar o interese público da actuación.
- O contido do anterior apartado 1 (Antecedentes) trasládase ao Anexo 4

As modificacións sinaladas non teñen carácter substancial, e son resultado das achegas dos informes sectoriais e do trámite de participación cidadá, polo que non se estima necesaria a apertura dun novo trámite de exposición pública.

8. PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL

En consecuencia, e en aplicación do procedemento regulado polos artigos 60.13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, e 144.13 do seu Regulamento, propónse ao Pleno municipal, previo ditame que habrá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro. APROBAR PROVISIONALMENTE a *Modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital*, coas modificacións, respecto do inicialmente aprobado, que se describiron anteriormente e que figuran xa incorporadas ao documento reformado que se somete a aprobación.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

Segundo. Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva, que adoptará, de ser o caso, o Pleno municipal.”

Rematado o debate, de conformidade co informe emitido, e máis co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión do día 16 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 22 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (10 CA, 9 PP e 3 PSdeG-PSOE), e 2 votos en contra correspondentes aos concelleiros do BNG, e polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital, coas modificacións, respecto do inicialmente aprobado, que se describiron anteriormente e que figuran xa incorporadas ao documento reformado que se somete a aprobación.

Segundo: Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva, que adoptará, de ser o caso, o Pleno municipal.

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA PARCELA N4A01C DO QUINTEIRO N DO SUNP-40. PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA.

Con data 4 de outubro de 2017, a xefa de sección de xestión urbanística emitiu informe xurídico en relación ao asunto do epígrafe, co seguinte contido:

“O proxecto de referencia foi presentado o 14 de novembro de 2016 por CORPFIN CAPITAL Real State, quen cedeu a iniciativa primeiro a GRUPO4 INVERSIONES TERCARIAS S.L e, posteriormente, á mercantil TERRAS DE SAR S.L., propietaria actual dos terreos afectados, segundo resulta da documentación presentada os días 31 de marzo e 15 de maio de 2017.

1. Obxecto do Estudio de detalle

O Estudio de detalle ten por obxecto concretar a ordenación do volume edificable no ámbito da parcela N4a01c, resultante do *Proxecto de reparcelación do Parque empresarial da Sionlla* -aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data 18 de outubro de 2012-, sita na confluencia das rúas de Andalucía e de Castela e León.

A necesidade de formular o Estudio de detalle derívase do establecido na normativa do *Proxecto sectorial do Parque empresarial da Sionlla*, aprobado o 7 de xuño de 2007

polo Consello da Xunta de Galicia, e incorporado ao Plan xeral de ordenación municipal a través da súa disposición final 11ª. A ordenanza 4 (edificación exenta) do citado Proxecto sectorial esixe, nas parcelas con superficie igual ou superior a 10.000 m², a redacción dun Estudo de detalle *co obxecto de producir a ordenación de volumes, o axuste de rasantes e a ordenación do sobrante de parcela*, con suxeición aos seguintes parámetros (apartado 4.3.4 da normativa do Proxecto sectorial):

Área de movemento da edificación: será a resultante dos recuamentos mínimos obrigatorios.

A ordenanza 4 sinala un recuamento mínimo obrigatorio, a todos os lindes de parcela, de 10 metros.

Superficie máxima edificable: A que resulte da respectiva ordenanza de aplicación, resultando un índice máximo de 0,9 para a ordenanza 4.

Altura: A altura máxima permitida na ordenanza 4 é de 12 metros (B+3), se ben o Estudo de detalle poderá xustificar alturas maiores *en función das esixencias dos procesos produtivos*.

Ocupación máxima: No ámbito de aplicación da ordenanza 4, sinálase unha ocupación máxima do 50% da parcela.

Segundo se indica no informe técnico emitido polo arquitecto Xefe do Servizo Municipal de Planeamento, “*O Estudo de detalle fixa as condicións de implantación das edificacións (área de movemento da edificación) dentro da parcela, cumprindo os recuamentos mínimos establecidos e a ocupación máxima da parcela; as alturas máximas da edificación, cumprindo igualmente as máximas establecidas desde as rasantes das vías perimetrais; e as rasantes das catro plataformas horizontais interiores á parcela fixando así as bases para asentar as futuras edificacións, así como a ordenación dos espazos libres interiores á parcela, ao mesmo tempo que tratan de conxugar as pendentes das rasantes dos viarios perimetrais, coas as necesarias condicións de horizontalidade das plataformas interiores de uso privado para desenvolver correctamente as actividades propias destes parques empresariais ou, en xeral de calquera polígonos industriais*”.

No precitado informe técnico conclúese que “*o Estudo de detalle presentado cumpre as determinación físicas fixadas pola Ordenanza 4 EDIFICACIÓN EXENTA de aplicación ao ámbito no que se empraza a parcela, polo que, desde o punto de vista técnico, procede a súa tramitación e aprobación inicial*”.

2. Tramitación

O procedemento de aprobación dos estudos de detalle atópase regulado nos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG).

A Xunta de goberno adoptou, con data 2 de xuño de 2017, o preceptivo acordo de aprobación inicial, condicionando a apertura do trámite de exposición pública á emenda de varias cuestións.

Con data 29 de xuño a promotora presentou o documento reformado, de cumprimentación do acordo, someténdose o expediente a información pública, durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal El Correo Gallego e no Diario Oficial de Galicia o día 18 de agosto de 2017. Simultaneamente, practicouse notificación persoal aos titulares catastrais das parcelas afectadas.

Durante o trámite de participación pública e audiencia a interesados non consta a formulación de alegacións.

3. Proposta

En consecuencia, proponse ao Pleno municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

APROBAR DEFINITIVAMENTE o Estudio de detalle da parcela N4a01c do Parque Empresarial da Sionlla (SUND-40), promovido por TERRAS DO SAR S.L., segundo o proxecto presentado o 29 de xuño de 2017.

O acordo de aprobación definitiva notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.”

Xa que logo, a vista do informe emitido e máis do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente a súa sesión do día 16 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade de concelleiros e concelleirasacorda aprobar definitivamente o estudo de detalle da parcela N4a01c do Parque Empresarial da Sionlla

(SUND-40), promovido por TERRAS DO SAR SL, segundo o proxecto presentado o 29 de xuño de 2017.

O presente acordo notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

4. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525. TRAMO I. NÚCLEO DA SUSANA.

O informe xurídico emitido pola xefa de xestión urbanística con data 3 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“A Modificación formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos de Planeamento e Xestión, co obxecto de establecer as aliñacións definitivas dos terreos que dan fronte á estrada estatal N-525, no tramo urbano que atravesa o núcleo da Susana (puntos quilométricos 332+150 - 332+513 na marxe esquerda, e 332+150 - 332+494 na marxe dereita).

1. PLANEAMENTO VIXENTE

No tramo de referencia, o vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) establece as aliñacións dos terreos lindantes a unha distancia xenérica de 12,5 metros dende o eixe da estrada, o que supón unha sección total de 25 metros entre aliñacións.

Non entanto o anterior, a disposición transitoria 16ª do Plan xeral, nomeada “**Liñas de edificación nas estradas do Estado**” sinala o seguinte:

“Nas estradas de competencia estatal N-550 e N-525 as determinacións referentes ás liñas de edificación contempladas no Plan xeral entenderanse como orientativas á espera da resolución definitiva do expediente de delimitación que desenvolva a regulación da excepcionalidade á que se refire o art. 25.2 da Lei 25/1988 de estradas; en tanto non se produza dita resolución tódalas actuacións estarán ao que resolvan as preceptivas autorizacións da administración de estradas.”

2. NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

O artigo 33 da vixente *Lei estatal 37/2015, do 29 de setembro, de estradas* -que substitúe ao antigo 25 da Lei 25/1988, de estradas do Estado-, sitúa a liña límite de edificación nas estradas convencionais e multicarril a unha distancia de 25 metros, medidos dende a aresta exterior da calzada máis próxima.

Porén, o mesmo artigo 33, no seu apartado 3, prevé a *excepcionalidade* de que o Ministerio de Fomento poida autorizar, por razóns xeográficas ou socioeconómicas e en tramos perfectamente delimitados unha distancia inferior, previo informe (non vinculante) das comunidades autónomas e das entidades locais afectadas.

Artigo 33 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas (vixente dende o día 1.10.2015):

1. (...) A ambos lados de las carreteras del Estado se establece la línea límite de edificación, que se sitúa a 50 metros en autopistas y autovías y a 25 metros en carreteras convencionales y carreteras multicarril, medidos horizontal y perpendicularmente a partir de la arista exterior de la calzada más próxima. La arista exterior de la calzada es el borde exterior de la parte de la carretera destinada a la circulación de vehículos en general.

La franja de terreno comprendida entre las líneas límite de edificación establecidas en las respectivas márgenes de una vía se denomina zona de limitación a la edificabilidad. Queda prohibido en esta zona cualquier tipo de obra de construcción, reconstrucción o ampliación, incluidas las que se desarrollen en el subsuelo, o cambio de uso, a excepción de las que resultaren imprescindibles para la conservación y mantenimiento de las construcciones o instalaciones ya existentes.

(...)

2. A los efectos de lo dispuesto en el anterior apartado, los nudos viarios y cambios de sentido, las intersecciones, las vías de giro y los ramales tendrán la línea límite de edificación a 50 metros medidos horizontal y perpendicularmente desde la arista exterior de la calzada en cada caso.

3. El Ministerio de Fomento, previo informe no vinculante de las comunidades autónomas y entidades locales afectadas a emitir en un plazo no superior a dos meses, podrá, por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación inferior a la establecida con carácter general, aplicable a determinadas carreteras estatales en zonas o tramos perfectamente delimitados.

O Real decreto 1812/1994, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas –cuxa vixencia mantén a disposición final 1ª da actual Lei de estradas–, tamén habilita ao Ministerio para establecer a liña límite de edificación a unha distancia inferior nas zonas urbanas, sempre que o planeamento urbanístico o permita, e a través dun procedemento que se integra polos seguintes trámites:

1. Delimitación provisional pola Dirección Xeral de Estradas
2. Información pública por prazo de 30 días soltos, con publicación de anuncio no Boletín Oficial do Estado, e audiencia ás Comunidades Autónomas e ás Entidades Locais afectadas.
3. Resolución definitiva polo Ministerio.

Artigo 85 do Real decreto 1812/1994, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas:

Casos especiais

1. Con carácter general, en las carreteras estatales que discurran total o parcialmente por zonas urbanas, el Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente podrá establecer la línea límite de edificación a una distancia inferior a la fijada en el artículo anterior, siempre que lo permita el planeamiento urbanístico correspondiente, con arreglo al procedimiento que reglamentariamente se establezca (artículo 25.2).

2. Asimismo, el Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente, previo informe de las Comunidades Autónomas y Entidades locales afectadas, podrá, por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación inferior a la establecida con carácter general, aplicable a determinadas carreteras estatales en zonas o comarcas perfectamente delimitadas (artículo 25.3).

(...)

4.A efectos de lo previsto en los apartados 1 y 2 del presente artículo, la Dirección General de Carreteras determinará provisionalmente la línea límite de edificación y someterá el correspondiente estudio de delimitación a información pública, por el plazo de treinta días hábiles que se anunciará en el «Boletín Oficial del Estado», a fin de que cualquier persona física o jurídica pueda formular las alegaciones que estime pertinentes.

Simultaneamente, dicha Dirección General remitirá a las Comunidades Autónomas y Entidades locales afectadas, el referido estudio de delimitación, a fin de que, en dicho plazo y un mes más, se manifiesten.

En caso de conformidad, o si las Comunidades Autónomas o las Entidades locales no contestasen en el plazo mencionado, el expediente se elevará al Ministro de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente para su resolución definitiva.

En el supuesto de disconformidad, se procederá con arreglo a lo indicado en el párrafo segundo del apartado 1 del artículo 10 de la Ley de Carreteras y 33 de este Reglamento.

3. NECESIDADE E CONVENIENCIA DA MODIFICACIÓN

A presente Modificación obedece á necesidade de fixar de xeito definitivo as aliñacións do tramo da estrada N-550 que atravesa o núcleo urbano da Susana, en coherencia coa liña límite de edificación autorizada pola administración titular da estrada, todo elo de conformidade coa normativa sectorial aplicable, anteriormente referenciada, e co establecido pola DT 16ª do PXOM.

En outubro de 2011 o Concello de Santiago instou da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia o inicio do procedemento aplicable para a delimitación da liña límite de edificación, no tramo da estrada N-525 correspondente ao núcleo da Susana. Nas reunións mantidas entre os técnicos municipais e os da Demarcación, formulouse por estes unha proposta alternativa, consistente en fixar unha distancia orientativa de 17,50 metros dende o eixe da estrada, tal e como se reflicte na acta da reunión que tivo lugar o día 22 de marzo de 2013.

Con data 23 de abril de 2014 o Concello remitiu ao Ministerio de Fomento o proxecto de Modificación puntual do Plan xeral, elaborado polos servizos técnicos municipais, para os efectos de que pola administración titular da estrada se iniciase o procedemento de delimitación regulado polo artigo 85.4 do Regulamento da Lei de estradas do Estado.

Cumpridos os trámites esixidos polo artigo 85 do Regulamento xeral de Estradas, o Secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, mediante resolución de data 8 de febreiro de 2016, aprobou definitivamente o expediente de Modificación da liña límite de edificación no tramo da estrada N-525 comprendido entre os seguintes puntos quilométricos (LLE-5-C-2014):

- Na marxe esquerda, PP-KK 332+150 ao 332+513
- Na marxe dereita, PP.KK 332+150 ao 332+494

A través da presente Modificación preténdese incorporar ao planeamento urbanístico xeral as aliñacións que resultan da nova liña límite de edificación autorizada pola administración titular da estrada, axustando o planeamento municipal á nova liña de edificación definitivamente aprobada en febreiro de 2016 consonte á normativa sectorial de estradas.

4. CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN PROPOSTA

De conformidade co autorizado pola administración titular da estrada, a aliñación resultante sitúase con carácter xeral a 17,5 metros do eixo da estrada, o que garante unha sección total para o sistema viario público de 35 metros entre aliñacións enfrontadas. Isto supón unha sección maior que a prevista no vixente Plan xeral (25 metros entre aliñacións), pero inferior á que resultaría de aplicar a liña límite de edificación establecida con carácter xeral na Lei de estradas (25 metros a cada lado da aresta exterior da explanación).

No tramo no que se desdobrou a traza orixinal da N-525, e seguindo as instrucións dos técnicos da Demarcación, suprimense as aliñacións fixadas con fronte á dita variante, manténdose unicamente a aliñación fronte á vía que realmente deu soporte á edificación, que é a que corresponde á traza primitiva da estrada N-525.

No ámbito suxeito á aplicación da ordenanza 11 (núcleos tradicionais incorporados ao solo urbano), a Demarcación fixou a mesma liña límite da edificación, polo que non acolleu a proposta municipal de manter a liña da edificación existente. Porén, e sen prexuízo do resultado da presente Modificación, o Concello instará, perante o Ministerio de Fomento, un novo procedemento para revisar a liña no tramo correspondente á zona de edificación consolidada de ordenanza 11. Entretanto, as edificacións afectadas seguen sometidas ao réxime que define o artigo 33.1, apartado 2º da Lei de Estradas, asimilable ao de fóra de ordenación.

No plano 6 do documento apréciase con claridade a diferenza entre as aliñacións previstas no PXOM vixente e as que se propoñen nesta Modificación.

5. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Previo acordo adoptado polo Pleno municipal o día 28 de abril de 2016, o Concello remitiu ao órgano ambiental a solicitude de avaliación ambiental simplificada, acompañada do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador do plan.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante resolución do 22 de agosto de 2016 -publicada no Diario Oficial de Galicia o 26 de setembro de 2016- formulou o **Informe ambiental estratéxico** da Modificación (Expte. 2016AAE1900,

código web 1807/2016), declarando o non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria.

6. RESULTADO DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno municipal a medio de acordo adoptado o 20 de outubro de 2016 e someteuse a información pública, durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal El Correo Gallego e no Diario Oficial de Galicia o día 13 de decembro de 2016.

Remitido o expediente á Consellería segundo esixe o artigo 60.7 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, con data 4 de agosto recibíuse o **informe da Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, asinado o 21 de xullo, no que se da conta do resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes, así como dos informes sectoriais autonómicos solicitados e recibidos.

Polo que atinxe ao trámite de **audiencia aos concellos limítrofes**, consta informe favorable do Concello de Boqueixón. Segundo indica o informe autonómico, *“os restantes concellos contaban cun prazo para responder que finalizaba o día 20/06/2017. Rematado o dito prazo non foi recibida nestas dependencias a súa resposta, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7 da lei 2/2016, do solo de Galicia).”*

Durante o trámite de participación pública **formulouse un único escrito de alegacións, asinado polo Presidente da Asociación de Veciños “Fco García Beiro” de Marrozos**, manifestando que a nova liña de edificación, ao reducir a parcela neta edificable, reduce considerablemente as condicións de edificabilidade e ocupación das parcelas suxeitas á aplicación da ordenanza 6A.

Este efecto é unha consecuencia lóxica e inevitable de transpoñer ao planeamento a liña de edificación fixada pola administración titular da estrada. En calquera caso, de non terse tramitado o expediente de sinalamento de liña, a parcela neta quedaría aínda mais minguada por mor da aplicación da liña límite que establece a lei de estradas. Polo tanto, non é posible minimizar este efecto, debendo o Concello de incorporar a liña fixada pola Demarcación de Estradas.

7. INFORMES SECTORIAIS

No informe emitido pola Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de 21 de xullo de 2017, faise constar a emisión dos seguintes informes sectoriais autonómicos:

- Informe favorable asinado o 10 de abril de 2017 polo subdirector xeral de Planificación e Protección civil.
- Informe favorable asinado o 15 de xuño de 2017 polo Instituto de Estudos do Territorio, relativo á protección da paisaxe.
- Informe favorable asinado o 23 de maio de 2017 pola directora xeral do Patrimonio cultural.

Así mesmo, no expediente consta novo informe favorable da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, asinado en novembro de 2016.

8. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, , e en aplicación do procedemento regulado polos artigos 60.13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, e 144.13 do seu Regulamento, proponse ao Pleno municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

APROBAR PROVISIONALMENTE a *Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) para o sinalamento de aliñacións na N-525 (Tramo I - Núcleo da Susana)*, sen modificacións respecto do proxecto inicialmente aprobado.

Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora de bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2, da mesma lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

No expediente consta a conformidade do secretario xeral do Pleno municipal ao informe-proposta de aprobación inicial, polo que, ao non introducirse modificacións na aprobación provisional, non procede a emisión de novo informe.”

Xa que logo, á vista do informe emitido e máis do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión do día 16 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda:

a) Aprobar provisionalmente a modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) para o sinalamento de aliñacións na N-525 (Tramo I - Núcleo da Susana), sen modificacións respecto do proxecto inicialmente aprobado.

b) Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva.

5. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL 1.01, IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Ao inicio do asunto incorpórase a sesión a señora interventora.

Na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2017, acordouse en relación á proposición normativa de modificación do artigo 3.3 da ordenanza 1.01 presentada polo grupo municipal do Partido Popular, remitir o expediente aos servizos de tesourería e intervención para emisión de informes.

Emitíronse os seguintes informes:

- De tesourería de data 12 de maio do corrente ano, no que se sinala que a modificación proposta axústase á regulación da bonificación postestativa contida no artigo 74.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Así mesmo, indican no mencionado informe que se debería axustar os temas da redacción do artigo, e propoñen unha nova redacción, aos efectos de proporcionar maior seguridade xurídica.

- De intervención de data 6 de outubro do corrente ano (número 730/2017), nas súas conclusións sinala que a proposta contida na proposición é conforme co artigo 74.4 do TRLRFL, ademais, sinalan no mesmo que debería tomarse en consideración a redacción alternativa proposta no informe de tesourería e que debería incorporarse ao expediente unha avaliación económica da modificación proposta.

- De secretaria de data 9 e 13 de outubro do corrente ano, sobre a tramitación da modificación proposta.

- Por último, incorpórase informe de tesourería de data 10 de outubro de 2017, sobre a avaliación do impacto económico da referida modificación.

A modificación da ordenanza, foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, na súa sesión do día 11 de outubro do corrente ano, e ao devandito ditame presentou emenda o grupomunicipal de Compostela Aberta.

A emenda foi obxecto de informe por parte de tesourería municipal con data 16 de outubro de 2017.

Xa que logo, avista da documentación que obra no expediente, unha vez rematado o debate e tras ser aceptada como transaccional por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, unha parte da emenda do grupo municipal de Compostela Aberta, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiros do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda a aprobación provisional da modificación do artigo 3.3 do ordenanza fiscal 1.01, imposto sobre bens inmobles, que quedaría redactado do seguinte xeito:

“3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa beneficiaranse dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual, sempre co valor catastral do mesmo non supere 190.000,00 euros, e na que estean empadroados os membros da unidade familiar, coas condicións e características seguintes:

Ingresos familiares anuais brutos per cápita comprendidos nalgún dos intervalos da táboa seguinte, tomando como valores de referencia 14 pagas mensuais do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiplos (IPREM) vixente:

Intervalo	Bonificación
$\leq$ IPREM	90 %
$>$ IPREM e $\leq 1,25$ IPREM	80 %
$> 1,25$ IPREM e $\leq 1,5$ IPREM	70 %
$> 1,5$ IPREM e $\leq 1,75$ IPREM	50 %
$> 1,75$ IPREM e ≤ 2 IPREM	30 %
> 2 IPREM	10%

O ingreso familiar bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dalgún integrante cun grao de discapacidade superior ao 65%, computarase como se foran dúas

persoas e no caso de que o grao de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5 persoas.

O termo unidade familiar, tanto a efectos de empadramento como de declaración de ingresos, corresponde co de familia numerosa integrada polos membros da mesma incluídos no título oficial correspondente.

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar a condición de familia numerosa, por medio do título oficial; e o grao de discapacidade dos integrantes, se os houbera, mediante certificado de grao de discapacidade emitido pola Consellería competente.

O Concello constatará de oficio o empadramento no inmovible obxecto da solicitude. Igualmente o Concello constatará de oficio os ingresos declarados á administración tributaria por parte dos integrantes da unidade familiar, previa autorización asinada polos membros da unidade familiar maiores de 18 anos, podendo requirir as informacións e documentos adicionais que estime oportunas.

Terán efectos no padrón do imposto, as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano, sempre que nas mesmas se acredite que se reúnen os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro.

Incluiranse, así mesmo, no padrón do imposto as bonificacións concedidas nos anos anteriores que o día un de xaneiro sigan reunindo as condicións esixidas para o seu goce.

Non se poderá aplicar a bonificación a mais dunha vivenda por titular.”

A presente modificación deberá ser publicada e exposta ao público por un prazo de 30 días a efectos de presentación de reclamacións e suxestións, de acordo co previsto nos artigos 17 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

No caso de non presentarse reclamacións ou alegacións ás modificacións aprobadas provisionalmente, entenderanse elevadas á aprobación definitiva.

A presente modificación entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA AXILIZAR A TRAMITACIÓN DAS LICENZAS DE URBANISMO.

Con data 6 de outubro de 2017 e número de rexistro 293, o grupo municipal do BNG, presentou a seguinte proposición:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á adopción de medidas para axilizar a tramitación de licenzas de Urbanismo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O colapso existente no departamento de Urbanismo provoca unha excesiva demora no tempo de tramitación das licenzas de obra e actividade que fai necesario un plan de choque con medidas resolutivas para axilizar os procedementos e atallar os atrasos acumulados que están a causar graves prexuízos á economía local.

Son numerosas as queixas recibidas por non expedir as licenzas segundo as previsións, dende a continuidade de pago de alugueiros por mor de vivendas sen licenzas de primeira ocupación, alugueiros por locais onde non poden iniciar a actividade económica, empresas que non poden cumprir cos prazos de entrega das obras, perda de axudas públicas e créditos e avais bancarios, problemas para arquitectos, construtores, empresas de subministracións... Nos últimos tempos, lonxe de mellorar a situación tense agravado significativamente.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Reestruturación e reforzo do cadro de persoal, da arquitectura interna de funcionamento do concello e, nomeadamente, do Departamento de Urbanismo para reforzar as súas funcións.

Creación dunha comisión mixta de técnicos municipais, responsábeis políticos e do propio sector para detectar as incidencias, analízalas e trazar as liñas para o seguimento de expedientes urbanísticos. Encargarase da realización dun estudo de tempos na tramitación, nas súas diferentes modalidades, para saber os prazos reais, descubrir os principais problemas e buscarlles solución.

Posta en marcha dunha plataforma informática para realizar o seguimento de expedientes online con aviso de fase da tramitación en que se encontra e advertencia de corrección de erros, se os houbese, para as persoas que inician trámites.

Formación para o persoal municipal no relativo á aprendizaxe informática, lexislación e adquisición de coñecementos de comunicación para ofrecer un bo servizo público.

Reestruturación urxente e inmediata no relativo á inspección, cunha adecuación das funcións e carga de traballo do persoal asignado a esas tarefas de xeito acaído.

Mellora da comunicación entre administración e veciñanza, con información clara e accesíbel, no relativo á información técnica e administrativa para coñecer o proceso, as fases e os prazos para facer a tramitación.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras, acorda:

Reestruturación e reforzo do cadro de persoal, da arquitectura interna de funcionamento do concello e, nomeadamente, do Departamento de Urbanismo para reforzar as súas funcións.

Creación dunha comisión mixta de técnicos municipais, responsábeis políticos e do propio sector para detectar as incidencias, analízalas e trazar as liñas para o seguimento de expedientes urbanísticos. Encargarase da realización dun estudo de tempos na tramitación, nas súas diferentes modalidades, para saber os prazos reais, descubrir os principais problemas e buscarlles solución.

Posta en marcha dunha plataforma informática para realizar o seguimento de expedientesonline con aviso de fase da tramitación en que se encontra e advertencia de corrección de erros, se os houbese, para as persoas que inician trámites.

Formación para o persoal municipal no relativo á aprendizaxe informática, lexislación e adquisición de coñecementos de comunicación para ofrecer un bo servizo público.

Reestruturación urxente e inmediata no relativo á inspección, cunha adecuación das funcións e carga de traballo do persoal asignado a esas tarefas de xeito acaído.

Mellora da comunicación entre administración e veciñanza, con información clara e accesíbel, no relativo á información técnica e administrativa para coñecer o proceso, as fases e os prazos para facer a tramitación.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA A QUE SE ESTUDE A AMPLIACIÓN DA PISCINA DO CENTRO DEPORTIVO DE SANTA ISABEL.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal Socialista con data 9 de outubro de 2017, núm. 295, ten o seguinte contido:

“Nos últimos anos, a natación foi gañando adeptos grazas a ser unha das prácticas deportivas que mellor se adapta ás cualidades de cada persoa e indicada para calquera idade. Desde cursos de iniciación para bebés, ata ximnasia acuática para persoas maiores, cursos para preparación ao parto ou terapias na auga para persoas con mobilidade reducida.

O centro deportivo Santa Isabel dispón dunha zona de auga destinada á practica da natación, presenta unha media de 648 usos diarios entre cursos, clubs e nado por libre, concentrándose a maior parte a partir das 16 h. Isto supón que se teñan que limitar o número de prazas ofertadas nos cursos de natación, non podendo atender a toda a demanda existente.

A partir das 16 h dispónse de 3-4 rúas para nado libre e en numerosas ocasións os cursos de natación presentan alumnos moi heteroxéneos e con diferentes niveis polo que existe unha demanda real dunha rúa mais coa fin de evitar niveis moi dispares no mesmo espazo.

Na franxa das 20 e 21 h, hai máis de 24 persoas en nado libre para abonados e non abonados, con diferentes niveis, sendo insuficientes as catro rúas para atender a demanda existente.

Se atendemos ás licenzas dos clubs que asisten a esta piscina, e os ratios, o número de deportistas que fan uso dela supera os 250 e por razón de espazo estase a bloquear o crecemento de novas incorporacións .

Debemos sinalar que a piscina do C.D. Santa Isabel é unha referencia en Galicia, celebrándose con asiduidade competicións de natación e waterpolo nas fins de semana, privando así aos usuarios de poder utilizala.

Así mesmo, de xuño a setembro, meses nos que a Piscina de Sar non está climatizada, os abonados das dúas instalacións e todos os clubs (con máis de 360 deportistas) teñen que compartir esta piscina, aumentando considerablemente os usos e as queixas por parte dos mesmos.

Debemos sinalar que a creación dun novo vaso posibilitaría ofertar novas actividades como Aquafitness, que actualmente se está impartindo polas mañás na piscina de Sar e que está tendo unha gran aceptación con máis de 40 alumnos por clase. Poderíanse ofertar actividades que non hai na actualidade, pola profundidade da piscina, como é o Aquaspinning. Ter un vaso de menor profundidade (1,20 mts) favorecería a metodoloxía de aprendizaxe e a seguridade dos cursos de natación.

Por todo o exposto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

Que o goberno municipal estude a redacción do proxecto e construción dun novo vaso con catro rúas para o Centro Deportivo Santa Isabel cuxos beneficiarios serían os asistentes aos cursos de natación, os clubs e os abonados que cada día están a reclamar e demandar a construción desta nova infraestrutura deportiva.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, acorda que o goberno municipal estude a redacción do proxecto e construción dun novo vaso con catro rúas para o Centro Deportivo Santa Isabel, cuxos beneficiarios serían os asistentes aos cursos de natación, os clubs e os abonados que cada día están a reclamar e demandar a construción desta nova infraestrutura deportiva.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE UNHA MAIOR INFORMACIÓN Á CIDADANÍA DOS DETALLES DA FUTURA ORDENACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO MUNICIPAL.

O texto da proposición do epígrafe, con rexistro de entrada do día 9 de outubro e número 296, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso -pendente- de licitación dun novo contrato de xestión do transporte urbano debe implicar unha redefinición das liñas, a fin de facer unha rede máis racional e adecuada ás demandas e necesidades da poboación actual e futura, e tal redefinición debe constituír unha das pedras angulares na planificación da mobilidade sustentable.

Conforme a iso, sería preciso intensificar ao máximo os esforzos por achegar as previsións que se teñen realizado ao conxunto da cidadanía. Certo é que se teñen realizado varias reunións con colectivos e entidades, tratando de expoñer e recoller informacións ao respecto, pero continúa a notarse unha notable carencia de información entre a cidadanía sobre unha modificación de gran calado que, en maior ou menor medida, condicionará a todos e cada un dos veciños e veciñas de Santiago.

Bótanse en falta medidas que transparenten e poñan ao alcance de cada unha das persoas usuarias e potenciais usuarias do transporte urbano cuestións vitais en relación

co novo modelo; medidas que mostren as diferenzas que se prevén no relativo a conexións, tempos de acceso, tempos de espera, tempos de viaxe, con gráficos ou elementos sinxelos e comparativos (tablas, mapas de isocronas, mesmo simuladores de viaxes que poderían ser consultados vía web) que permitan apreciar con detalle a concreción das novas relacións de mobilidade que se están a propor. En definitiva, cómpre unha ampliación da información pública que permita coñecer en detalle, e en termos comparativos coa anterior rede, unha planificación que, pola súa inserción nun contrato que terá unha duración de moitos anos, afectará ao modo de vida e á actividade diaria da práctica totalidade da veciñanza.

Como complemento do anterior, tamén resulta oportuno ofrecer os fundamentos técnicos e sociais que están na base da nova proposta de liñas, toda vez que o documento de “caracterización da nova rede de transporte público” presentado no seu momento apenas achega razoamentos e datos, debendo quedar claro que a nova redefinición responde a criterios racionais e non simplemente intuitivos.

Por todo iso, o Grupo Municipal presente para a consideración da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta á correspondente órgano do Concello de Santiago a que no proceso previo á licitación do servizo de transporte municipal:

- Incorpore á “Caracterización da nova Rede de Transporte Urbano” a metodoloxía e os fundamentos técnicos, sociais e económicos da modificación proposta.
- Desenvolva elementos explicativos (gráficos, mapas, tablas,...) para unha mellor comprensión das variacións que se contemplan entre as diferentes relacións de mobilidade, de forma que se permita comparar a situación actual e a situación prevista coa nova reordenación, con posibilidade de acceder a través da páxina web.
- Proceda a abrir un período de exposición pública para facilitar o acceso e a presentación de posibles suxestións individuais a cada un dos veciños e veciñas do concello.
- Valore a oportunidade de licitar o servizo de transporte público despois de elaborar o Plan de Mobilidade anunciado por este Goberno, para garantir a súa adecuación ao que dispoña a citada planificación, ou que, de considerarse innecesaria a elaboración dun novo documento planificador, se sigan as determinacións contidas no Plan de Mobilidade municipal actualmente vixente.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda instar á correspondente órgano do Concello de Santiago a que no proceso previo á licitación do servizo de transporte municipal:

- Incorpore á “Caracterización da nova Rede de Transporte Urbano” a metodoloxía e os fundamentos técnicos, sociais e económicos da modificación proposta.
- Desenvolva elementos explicativos (gráficos, mapas, tablas,...) para unha mellor comprensión das variacións que se contemplan entre as diferentes relacións de mobilidade, de forma que se permita comparar a situación actual e a situación prevista coa nova reordenación, con posibilidade de acceder a través da páxina web.
- Proceda a abrir un período de exposición pública para facilitar o acceso e a presentación de posibles suxestións individuais a cada un dos veciños e veciñas do concello.
- Valore a oportunidade de licitar o servizo de transporte público despois de elaborar o Plan de Mobilidade anunciado por este Goberno, para garantir a súa adecuación ao que dispoña a citada planificación, ou que, de considerarse innecesaria a elaboración dun novo documento planificador, se sigan as determinacións contidas no Plan de Mobilidade municipal actualmente vixente

9. DAR CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO DE 2017.

O Pleno da Corporación queda coñecedor do contido do informe de Intervención núm. 592/2017, de data 28 de xullo do corrente ano de execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre do exercicio de 2017.

10. DAR CONTA DOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL AO SEGUNDO SEMESTRE DO EXERCICIO DE 2016.

Dáse conta dos informes de reparos efectuados ao segundo semestre do exercicio de 2016, pola intervención municipal.

11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 19 E 27 DE SETEMBRO DE 2017.

Dáse conta das seguintes resolucións:

De 19 de setembro de 2017: cesando como membro da Xunta de Goberno Local a concelleira Dona Noa María Morales Sánchez e nomeando como membro da Xunta de Goberno a concelleira Dona Branca Petra Novo Rey.

De 27 de setembro de 2017: designando como alcaldesa en funcións a María Rozas Pérez, dos días 1 ao 3 de outubro de 2017 (ambos inclusive).

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, comprendidas entre o período do 23 de agosto ao 29 de setembro de 2017 (núms. 5340 ao 6103).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta sesión extraordinaria urxente do día 23 de agosto de 2017 (Núm. 58).
Acta sesión ordinaria do día 25 de agosto de 2017 (Núm. 59).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 31 de agosto de 2017 (Núm. 60).
Acta sesión ordinaria do día 1 de setembro de 2017 (Núm. 61).
Acta sesión ordinaria do día 8 de setembro de 2017 (Núm. 62).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 8 de setembro de 2017 (Núm. 63).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 13 de setembro de 2017 (Núm. 64).
Acta sesión ordinaria do día 15 de setembro de 2017 (Núm. 65).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 15 de setembro de 2017 (Núm. 66).
Acta sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2017 (Núm. 67).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 26 de setembro de 2017 (Núm. 68).
Acta sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2017 (Núm. 69).

13. COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN, ACORDADA NA SESIÓN PLENARIA DO DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2017.

Comparecea concelleira de economía, facenda e administración segundo o acordado na sesión plenaria do día 21 de setembro pasado.

Ao remate do presente punto, suspéndese a sesión cando son as 19:52 horas e vólvese a reanudar as 20:12 horas.

A señora interventora auséntase e xa non se reincorpora á sesión.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 298.
- 2.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 299.

PREGUNTA RESPONSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 300.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 301.
- 2.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 302.

PREGUNTAS RESPONSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 303.
- 2.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 304.

PREGUNTA RESPONSTA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 18 de outubro de 2017, núm. 319

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 305.
- 2.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 306.
- 3.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 307.

PREGUNTAS RESPONSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 308.
- 2.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2017, núm. 309.

PREGUNTAS RESPONSTA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 26 de setembro de 2017, núm. 291.
- 2.- Rexistro de entrada do día 28 de setembro de 2017, núm. 292.
- 3.- Rexistro de entrada do día 17 de outubro de 2017, núm. 45732.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNES PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1.- Rexistro de entrada do día 6 de outubro de 2017, núm. 295, para reclamar unha partida para a escola oficial de idiomas nos orzamentos da Xunta.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, co fin de reclamar unha partida para a nova Escola Oficial de Idiomas nos Orzamentos da Xunta e de acondicionar os accesos e zona de aparcadoiro das instalacións actuais por parte do Concello de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2012, o Concello de Santiago puxo a disposición da Xunta de Galiza unha parcela de 6.200 m2 no barrio de Santa Marta para a realización dunha nova escola oficial de idiomas.

As actuais instalacións non permiten dar acollida a toda a demanda de estudantado, incumpren o Decreto 197/2007 que marca as condicións mínimas que debe ter un inmóbel público para o ensino de idiomas e limitan o número de linguas que se poidan impartir, como chinés (que se ofrece na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo), xaponés, ruso ou árabe que non se ofertan na EOI de Santiago de Compostela por falta de aulas, pese a que existe demanda.

As consecuencias da falta de espazo son tamén que existe un desdoblamento, para estudar en Vite e nun centro educativo en Sar que non está habilitado, ademais dun mal uso onde o salón de actos, laboratorio e outros departamentos se teñen que usar como aulas.

Santiago de Compostela é unha cidade coa singularidade de ter unha universidade cinco veces centenaria con varios milleiros de alumnos e alumnas que, coa entrada do Plan Bolonia, teñen que ter unha titulación equivalente a un B-1 para obter o título de grao. A iso súmase a demanda por parte do funcionariado da Xunta e tamén do sector turístico, que ten un contacto directo con persoas estranxeiras onde a necesidade de formación en materia de idiomas é unha constante.

Nas actuais instalacións, cómpre actuar por parte do Concello de xeito inmediato nas cuestións que son competencia propia. É necesario o arranxo do aparcadoiro que está cheo de fochancas e ten un número de prazas insuficiente, pois hai 3.000 alumnos e alumnas e 900 máis que se presentan por libre e ten unha ocupación de 9:00 a 22:00 horas, cunha rotación e un tráfico constantes. Ademais, na contorna debe instalarse un paso de peóns máis, enfronte da Facultade de Xornalismo para mellorar a mobilidade.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago esixiralle á Xunta que execute o acordo para construír a nova Escola Oficial de Idiomas de Santiago.

O Concello de Santiago arranxará, de urxencia, o aparcadoiro e pintará un novo paso de peóns para mellorar os accesos e a seguridade viaria no edificio actual da Escola Oficial de Idiomas.

2.- Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2017, núm. 315, para adoptar acordos e compromisos firmes en relación á violencia de xénero.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa para adoptar acordos e compromisos firmes en relación á violencia de xénero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 25 de novembro é unha data referencial para dar visibilidade e reivindicar a necesidade de incrementar e mellorar a loita contra as violencias machistas. Desde que no ano 1981, ao abeiro do Primeiro Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe celebrado en Bogotá, nacera esta data como Día Internacional da Non Violencia contra as Mulleres en memoria das irmás Mirabal asasinadas no 1960 na República Dominicana a mans do ditador Trujillo, diferentes institucións internacionais recolleron, con desigual compromiso, esta data no seu calendario oficial.

Segundo os datos inventariados polo observatorio Feminicidio.net, que analiza e estuda o rexistro dos diferentes tipos de feminicidio, en Galiza rexistráronse cando menos 55 feminicidios e outros asasinatos de mulleres nos últimos sete anos, entre 2010 e o que vai de 2017. Foi 2015 o ano do rexistro máis alto, con 13 mulleres asasinadas das que 8 foron feminicidios íntimos no ámbito da parella, cifra que levou o noso país a encabezar ese terríbel ano a taxa de feminicidios do Estado español, aínda sen ter en conta vítimas crianzas das que de cinco asasinatos no Estado foron dous na Galiza. Do global destes casos analizados, máis do 60% producíronse no ámbito íntimo, o que dá unha dimensión da importancia deste pero tamén da necesidade de non limitar a violencia machista á parella, pois estaríamos a deixar fóra moitas casuísticas que tamén deben ser obxecto das políticas de prevención e erradicación, así como do seu cómputo e estudo. Así mesmo, resulta alarmante e indica a necesidade de mellora do marco xudicial o feito

de que desde o ano 2010 foran 11 as mulleres asasinadas que presentaran unha denuncia previa. Destas, dúas foran retiradas, unha rexeitada e noutros tres casos o agresor tiña unha orde de afastamento que incumpriu. Así mesmo, os informes e avaliacións que emanan do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial ilustra a resposta da Administración da Xustiza e as eivas do seu funcionamento e necesidades de mellora.

Grazas á loita de moitas persoas a prol da erradicación da violencia machista avanzamos colectivamente como sociedade na súa visibilización, un camiño en que tivo e ten un papel fundamental o traballo mobilizador, crítico e esixente de diferentes movementos de mulleres na Galiza e no mundo. Un traballo de visibilización, denuncia e redución que dista aínda de ser colectivo e prioritario para toda a sociedade e para todas as axendas políticas. A diagnose da vixencia estrutural das violencias machistas contra as mulleres debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin. Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres debe ser un obxectivo político de primeira orde.

O balance de criminalidade do primeiro semestre de 2017 do Ministerio de Interior sinala que en Santiago de Compostela se denunciaron 17 agresións sexuais, un 143% máis que no ano anterior. A eses datos hai que sumarlle o da moza que o 24 de xullo foi acoitelada pola súa ex-parella no aparcadoiro de San Clemente. En Galiza, nese primeiro semestre, denunciáronse 250 delitos contra a liberdade sexual.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG de Santiago solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, a comezar por destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.

2. Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en

materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3. Axilizar a posta en marcha do IV Plan Municipal de Igualdade, no relativo a atender os casos de mulleres que sofren violencia por razón de xénero e concienciar, informar e facer reflexionar a cidadanía compostelá de que queremos un concello é un espazo libre de violencia. Iniciar a campaña prevista nese plan, con carácter permanente, con especial incidencia na mocidade, para a identificación e sinalización permanente de espazos públicos como “non tolerantes” coas violencias machistas, así como promover a sensibilización e visibilización nos espazos lúdicos e festivos incidindo nos comportamentos libres de violencia.

4. Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano.

3.- Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2017, núm. 316, para impulsar un plan global de creación de novas escolas infantís para atender a demanda existente.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, para impulsar un plan global de creación de novas escolas infantís en Santiago de Compostela co fin de atender a demanda existente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade hai 3.400 nenos e nenas de 0 a 3 anos en Santiago de Compostela, segundo datos do censo municipal, aos que hai que engadir os de persoas que traballan na cidade sen estaren rexistradas no Padrón municipal e tamén precisan o servizo público de educación infantil.

As políticas de recortes provocaron que a Xunta de Galiza non crease dende 2009 nin unha soa praza de educación infantil en Compostela, sen ter en conta que a demanda se incrementou.

Así, tan só se ofertan 886 prazas de ensino público en educación infantil (ás que hai que descontar as 82 de Santa Susana que permanece pechada dende o curso 2016). Segundo estimacións, hai máis de 600 nenos e nenas que quedaron sen praza solicitada nas escolas públicas infantís do Concello e da Xunta (171 nas municipais e 447 nas da Xunta) para o curso 2017-2018, co problema de conciliación que iso representa. Deste xeito, resulta insuficiente a oferta actual, nin sequera sumando a privada e concertada.

Actualmente, só está en previsión a construción dunha nova escola infantil privada de 82 prazas no Castiñeiriño e comprometida outra pública a carón dos edificios administrativos da Xunta. Cómpre lembrar que dúas das últimas escolas infantís públicas construídas foron en San Roque e no Tambre, durante o Goberno bipartito e baixo a responsabilidade do BNG.

Polas proxeccións demográficas, faise necesario, como mínimo, a construción de dúas novas escolas infantís públicas no Castiñeiriño e en Santa Marta e que a nova proxectada para a Cidade Administrativa de San Caetano duplique as 75 prazas previstas para atender a previsión na zona. É necesaria tamén a negociación da homologación na súa xestión, cunha programación que atenda o dereito ao ensino en galego.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago impulsará que se realice un plan de actuación global, plurianual e interadministrativo para a dotación de prazas de escolas infantís públicas, tendo en conta a proxección demográfica de Santiago de Compostela, co fin de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, a programación educativa en galego e a xustiza social, con garantía de acceso ás familias con rendas máis baixas e en situación de especial dificultade.

4.- Rexistro de entrada do día 19 de outubro de 2017, núm. 324, moción de urxencia para adoptar medidas co fin de evitar unha nova vaga de incendios.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción de urxencia para o seu debate en Pleno co fin de que o Goberno galego adopte medidas co fin de evitar unha nova vaga de incendios forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo da traxedia da vaga de lumes forestais que vén de arrasar Galiza, e que en catro días provocou a morte de catro persoas, puxo en situación de grave risco a moitos núcleos urbanos e a miles de persoas, e deixou centos de propiedades e máis de 35.000 hectáreas engulidas polas lapas (o que fai que no que levamos de ano 2017, e segundo os datos da propia Xunta, xa teñamos máis de 48.000 hectáreas do noso monte queimadas), o BNG entende que se vén de evidenciar unha vez máis que por parte da Xunta non se está a desenvolver unha política forestal que acometa medidas de carácter estrutural, tanto na posta en valor dos terreos forestais como nas medidas preventivas e

de deseño do propio dispositivo de loita contra os incendios forestais, que senten as bases para que episodios como estes non se volvan producir, ou cando menos non acaden a gravidade do acontecido nestes días.

Os alicerces destas medidas intentaron poñerse por parte da Consellaría do Medio Rural, dirixida naqueles momentos por nacionalistas, en primeiro lugar mediante o impulso do que foi a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, e en segundo lugar a través do fomento do asociacionismo na explotación das terras forestais mediante a posta en práctica das Unidades de Xestión Forestal (UXFOR).

Coa volta do PP ó Goberno Galego estas medidas foron literalmente botadas abaixo sen alternativas coas que enfrontar eficazmente os problemas existentes. As UXFOR foron eliminadas e a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais veu a ser, na práctica, derogada pola entrada en vigor, a impulso do Goberno Galego do PP, da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galiza, a través da disposición derradeira primeira, de modificación da Lei 3/2007, que introduce unha serie de modificacións destinadas a deturpar e esvaecer de contido a Lei 3/2007. Así temos:

-A Lei 7/2012, de Montes de Galiza abriu a posibilidade de forestar terras agrarias - artigos 2.c) e 61-, ó considerar que determinados terreos agrícolas poden ser considerados como monte ou terreo forestal. O artigo 25 da Lei 3/2007, prohibía explícita e rotundamente as repoboacións forestais en terras dedicadas a labradío, prados ou pasteiros, con independencia da súa clasificación urbanística.

Favorecer a forestación de terras agrarias aumenta a desorde territorial, diminúe a capacidade de incrementar a base territorial das explotacións que fican en activo o que redunda no abandono do mundo rural e que remata por incidir negativamente na prevención e defensa contra os incendios forestais.

-O artigo 21 da Lei 3/2007 obrigaba a tódalas persoas responsábeis a xestionar a biomasa vexetal nunha faixa de 100 metros arredor de calquera núcleo, edificación, urbanización, depósito de lixo, parques de campismo, instalacións recreativas, obras, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte. E ademais nos primeiros 50 metros, a contar desde a extrema da propiedade, non podía haber especies que favoreceran a propagación do lume (eucalipto, acacia, piñeiro...)

Coa modificación introducida redúcense os 100 metros a 50 metros, e os 50 metros de exclusión de especies pirófitas rebáixanse a 30 metros.

-O artigo 23 cámbiaselle a denominación e dos 50 metros establecidos na Lei 3/2007 redúcense a 30 metros a existencia dunha faixa de protección libre de vexetación seca e

coa masa arbórea aclarada en relación a edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos, instalacións agrícolas, pecuarias ou forestais.

-Non menos importante é que o punto vintedous desa disposición modifica o artigo 24 da Lei 3/2007, que establecía, entre outras cousas, que os instrumentos de xestión forestal tiñan que incluír medidas que garantisen, tanto horizontal como verticalmente, a discontinuidade da biomasa forestal, a alternancia de teselas con distinta inflamabilidade e combustibilidade, así como que as masas forestais monoespecíficas non podían ter unha superficie continua superior ás 50 hectáreas. A nova redacción eliminou toda referencia á necesidade da existencia de teselas con distinta inflamabilidade e combustibilidade, así como a prohibición de masas monoespecíficas superiores a 50 hectáreas.

Estas modificacións, feitas sen ningún criterio lóxico dende o punto de vista da prevención e loita contra o lume, só poden ser entendidas se con elas se pretende favorecer os intereses de certas industrias monopolistas, como ENCE, ao permitir grandes plantacións de especies de crecemento rápido, tipo eucalipto, ou de cultivos enerxéticos.

En consecuencia pódese concluír que a actual Lei de Montes é unha Lei que desordena o espazo rural (favorece a reforestación de terras agrarias), rebaixa as medidas preventivas (distancias e superficies continuas), favorece o monocultivo de especies como o eucalipto e, polo tanto, favorece que se propaguen os grandes incendios.

Por outro lado, tal e como quedou patente nestes días, o problema dos incendios forestais afecta cada vez máis directamente aos Concellos, que a pesar de non teren competencias para regulalo se encontran coa necesidade de acometer medidas para a súa extinción, ao afectar non só ao seu territorio senón cada vez en maior medida, ás zonas habitadas, co conseguinte risco para a vida das persoas e as súas vivendas e medios de vida.

Estamos vendo como día a día a Xunta de Galicia descarga funcións e responsabilidades nos Concellos, en temas que son competencia da Xunta, como son as medidas preventivas (limpeza de biomasa en parcelas e viais) ou no propio dispositivo de loita contra os incendios forestais (brigadas municipais), pero sen acompañamento de dotación orzamentaria axustada ás necesidades nin coa antelación suficiente.

Neste momento a colaboración coa Xunta en materia de incendios establécese en dúas liñas fundamentais: os convenios para o desbroce da rede viaria municipal (cunha redución paulatina da súa dotación económica) e os convenios para a contratación e financiamento das brigadas municipais.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza á desenvolver unha política de desenvolvemento rural que revirta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.

2. Instar á Xunta de Galiza a que realice, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións lexislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.

3. Instar á Xunta de Galiza a establecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.

4. Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante, entre outras medidas, a:

-Unha maior implicación, na colaboración cos Concellos, dos Distritos Forestais en materia de limpeza e vixilancia.

-O establecemento e mantemento de faixas de protección.

-Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.

5. Instar á Xunta de Galiza a reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.

EMENDAS.-

1.- Rexistro de entrada do día 18 de outubro de 2017, núm. 322, emenda de substitución á moción do grupo municipal Popular para apoiar e respaldar as forzas e corpos de seguridade do estado como garantes do estado de dereito.

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do establecido no regulamento, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Proponse substituír o acordo por:

O Pleno da Corporación insta ao Goberno do Estado a exercer o diálogo para resolver a crise en Catalunya, e lamenta as situacións de violencia que afectaron á cidadanía e corpos de seguridade cidadá pola irresponsabilidade política do goberno do Estado.”

2.- Rexistro de entrada do día 19 de outubro de 2017, núm. 326, emenda de substitución á moción do grupo municipal PSdeG-PSOE para a reforma urxente da Lei Orgánica 8/2013 (moción retirada).

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

1.- Rexistro de entrada do día 9 de outubro de 2017, núm. 297, para apoiar e respaldar as forzas e corpos de seguridade do estado como garantes do estado de dereito

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o pasado día 20 de setembro, data na que se ordenou por parte do Xulgado de Instrución nº 13 de Barcelona a práctica de dilixencias de entrada e rexistro en distintas consellerías e organismos técnicos da Generalitat de Cataluña, e ata o domingo 1 de outubro, día en que se tratou de celebrar o referendo ilegal prohibido polo Tribunal Constitucional, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado foron obxecto dun acoso constante coa finalidade de impedir aos seus axentes o lexítimo exercicio das súas funcións.

Toda a sociedade española foi testemuña a través dos medios de comunicación do enorme clima de hostilidade e dos numerosos ataques que sufriron os membros da Policía Nacional e a Garda Civil polo simple feito de realizar o seu labor e defender o Estado de Dereito. Durante estes días, todos os cidadáns puideron ver como os manifestantes os insultaron e mesmo os agrediron, como esnaquizaron os seus vehículos, como os rodearon durante horas para bloquear as súas saídas, como informaron a través de medios de comunicación da Generalitat dos seus movementos dentro do territorio da Comunidade Autónoma catalá coa finalidade de delatalos e sinalalos. Feitos que motivaron que a Fiscalía da Audiencia Nacional presentase unha denuncia por sedición ao considerar que serían constitutivos deste e outros delitos.

Debe recordarse que, no contexto descrito, o Goberno do Estado viuse obrigado a adoptar medidas con obxecto de garantir o cumprimento da Lei na Comunidade

Autónoma de Cataluña en base ás instrucións da Fiscalía para impedir a celebración do referendo ilegal e de acordo tamén ao previsto no artigo 38.2 da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade, que contempla a intervención de Policía e Garda Civil no mantemento da orde pública.

As explosións de violencia ás que nos referimos teñen que ver cos chamados delitos de odio e son incompatibles con calquera sistema democrático. Non ten cabida, xa que logo, ningún tipo de actitude violenta ou coacción co fin de defender un posicionamiento político ou ideolóxico. A violencia é simplemente violencia, sen que caiba xustificación ningunha atendendo á finalidade pretendida polos seus autores ou impulsores, polo que todos os cidadáns, e especialmente os representantes públicos, deben estar unidos na condena de toda violencia, sen desculpar ou minimizar en ningún caso feitos que poidan atentar contra a liberdade e a integridade das persoas.

É un deber e unha obriga de todos os partidos democráticos rexeitar e condenar rotunda e sistematicamente calquera comportamento de natureza violenta, independentemente da ideoloxía en que se amparen, así como calquera acción xustificativa dos mesmos, e mostrar o seu apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos os cidadáns. É inxusto e intolerable que se lles trate como inimigos cando os gardas civís e os policías nacionais son servidores públicos que cumpren coa responsabilidade de garantir a liberdade de todos e o libre exercicio dos nosos dereitos.

Os homes e mulleres que integran estes Corpos están comprometidos coa seguridade de España e dos españois, e dedican as súas vidas a salvagardar a convivencia, a seguridade e a tranquilidade dos seus concidadáns, merecendo por iso o agarimo, a admiración e o respecto do conxunto da sociedade española. É por esta e por outras moitas razóns polas que a Policía Nacional e a Garda Civil son as dúas institucións públicas que máis confianza xeran segundo figura no barómetro do CIS do ano 2015, pois grazas ao seu servizo diario estamos conseguindo que España sexa na actualidade un dos países máis seguros do mundo.

Tamén aquí en Santiago e en épocas recentes temos constancia dese compromiso coa legalidade e coa defensa dos valores constitucionais das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, contribuíndo a facer cumprir un mandato xudicial para preservar os dereitos conculcados coa ocupación dunha propiedade privada, onde non faltaron episodios violentos contrarios á legalidade mesma e graves e inxustas acusacións contra a acción policial por parte de representantes do Goberno Municipal.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a consideración da Corporación o seguinte

ACORDO:

O Concello de Santiago de Compostela manifesta:

1. O seu apoio e respaldo incondicional á Policía Nacional e a Garda Civil no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades de toda a cidadanía e, especialmente, e desde a legalidade constitucional, da soberanía nacional, o Estado de Dereito, a democracia e a convivencia entre os españois.

2. A súa condena ao acoso sistemático ao que os seus membros están sendo sometidos mediante actos violentos, independentemente da ideoloxía en que se amparen, así como calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, apoie ou subestime os devanditos actos, rexeitando en consecuencia toda conduta antidemocrática que atente contra a convivencia en paz e liberdade e que trate de socavar os fundamentos da nosa democracia.

Ademais, insta ao conxunto das institucións españolas a:

3. Utilizar con determinación e firmeza, así como desde a proporcionalidade e oportunidade, todos os mecanismos que, en defensa da soberanía do pobo español e do interese xeral de España, lle atribúen a Constitución e as leis.

4. Actuar, coas ferramentas do Estado de Dereito, contra as iniciativas que pretendan, desde a ilegalidade e contra a vontade democrática do conxunto do pobo español, conculcar o noso marco constitucional e a unidade de España.

Para o seu coñecemento acórdase finalmente, trasladar esta petición ao presidente e á vicepresidenta do Goberno de España, aos ministros de Xustiza e de Interior do Goberno de España, aos portavoces dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, aos portavoces dos grupos parlamentarios da Cámara autonómica, e á Xunta de Goberno da FEMP.

2.- Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2017, núm. 312, para solicitar a adhesión ao convenio marco para a captación de investimentos, asinado pola Xunta e a Fegamp.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consolidación da recuperación económica necesita do fortalecemento e mellora da competitividade do tecido empresarial afincado na comunidade galega, así como da chegada de novas empresas que contribúan a impulsar os nosos sectores produtivos e favorezan a xeración de valor engadido e o peche dos ciclos produtivos, así como a consolidación de emprego de calidade.

Sirva de exemplo que durante o ano 2016 o investimento produtivo estranxeiro en Galicia aumentou máis dun 35%. De feito, se comparamos o ano 2015 fronte ao 2016, pasamos de 86 a 118 millóns de euros. Ademais, no primeiro semestre de 2017 a Comunidade galega ten captado xa preto de 90 millóns de euros.

Galicia, polo tanto, debe seguir nesa liña positiva de captación de investimentos e para iso é fundamental crear un contexto máis favorable para desenvolver proxectos estratéxicos na actividade empresarial.

Nese sentido, a Xunta de Galicia ten aprobado iniciativas de gran valor como a Lei de emprendemento e competitividade económica de Galicia, a incorporación novas axudas e instrumentos financeiros, con facilidades para a compra de solo e coa creación de incentivos fiscais ao investimento.

Así mesmo, para este mes de outubro está previsto dar un paso máis coa aprobación dunha nova Lei de fomento da implantación empresarial que se leva consensuando cos principais axentes económicos e sociais de Galicia e que vai a xerar un clima propicio para o investimento.

Neste sentido, o pasado día 10 de outubro asinouse un convenio de colaboración institucional entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para ampliar o alcance das medidas da futura lei e sumar esforzos cara a rebaixa de impostos e taxas municipais e a participación no compromiso dunha maior axilidade administrativa.

A sinatura deste Convenio por parte dos concellos é unha mostra do compromiso co progreso económico e social do nosa terra e, ademais, trae beneficios en tanto que os concellos adheridos -e que obteñan o distintivo “Concello Facendo Empresa en Galicia” (*“Concello DoingBusiness en Galicia”*)- terán preferencia nas axudas autonómicas destinadas a impulsar a industria, o emprego ou o emprendemento, cando as convocatorias sexan en réxime de concorrència competitiva.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal do Partido Popular a proponlle ao Pleno o seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago de Compostela acorda adherirse ao convenio marco para a captación de investimentos asinado pola Xunta de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias o pasado 10 de outubro de 2017.

2. Dar traslado deste acordo plenario á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

EMENDA.-

1.- Rexistro de entrada do día 19 de outubro de 2017, núm. 323, emenda de modificación á moción do BNG, relativa á violencia de xénero.

“O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO “PARA ADOPTAR ACORDOS E COMPROMISOS FIRMES EN RELACIÓN Á VIOLENCIA DE XÉNERO”, de data 16 de outubro de 2017.

Proponse unha nova redacción do punto 1, de forma que o texto deste punto quedaría do seguinte xeito:

1. Instar á Xunta de Galicia a seguir avanzando na procura de todas as garantías necesarias para que na atención ás vítimas de violencia de xénero haxa unha actuación integral, personalizada, áxil e coordinada, garantindo o respecto á súa intimidade, privacidade e dignidade, aumentando os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas, a mellora dos medios e recursos da xustiza garantindo, no marco dos medios dispoñibles en cada edificio xudicial, mecanismos de separación entre vítimas e agresores nos xulgados galegos, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada. En particular, levar a cabo programas de apoio ás vítimas de agresións sexuais, así como de formación específica sobre as distintas manifestacións da violencia de xénero, concretamente de violencia sexual e acoso sexual.

(...)”

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA.-

1.- Rexistro de entrada do día 11 de outubro de 2017, núm. 311, pola recuperación do servizo da escola infantil de Santa Susana.

Manuel Díos Diz, Concelleiro de Educación e Cidadanía, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2016, a Escola Infantil de Santa Susana, dependente da Xunta de Galicia e con dispoñibilidade de máis de 80 prazas, pechaba as súas portas para a realización de traballos de rehabilitación, coa promesa -segundo se daba conta nunha nota de prensa da Consellería de Políticas Sociais- de que o peche afectaría tan só ao curso 2016-2017.

Xa iniciado o curso 2017-2018, a realidade é que as obras non teñen comezado, polo que o peche do centro afectará a cando menos dous períodos escolares, coa conseguinte redución de prazas públicas de educación infantil.

Os antecedentes descritos recomendan a redacción da presente moción e a aprobación polo Pleno do Concello de Santiago do seguinte **ACORDO**:

O Pleno insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha as obras da Escola Infantil de Santa Susana, para o reinicio do servizo no curso escolar 2018-2019.

2.- Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2017, para a retirada do Premio da Concordia á Unión Europea.

A concelleira de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos, Concepción Fernández Fernández, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

Exposición de motivos

O grupo municipal de Compostela Aberta, atendendo a solicitude da Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas, presenta esta moción para que este Pleno municipal inste á Fundación dos Premios Princesa de Asturias á retirada do Premio da Concordia á Unión Europea e esixa ao goberno do Estado o cumprimento dos acordos de acollida e atención social as persoas solicitantes de asilo e refuxio en España comprometidos ante á UE, no ano 2015.

Europa vive unha grave crise humanitaria como consecuencia do desprazamento de millóns de persoas que foxen de desastres naturais, conflitos armados, violación de dereitos e pobreza. O Mar Mediterráneo e as fronteiras europeas son fosas comúns nas que miles de persoas perden as súas vidas. Asistimos con sorpresa e vergoña a violentas accións policiais e militares contra as persoas refuxiadas nas fronteiras dos países da Unión Europea. Calcúlase a desaparición de polo menos 10.000 menores en

territorio europeo a mans de redes de trata ou como consecuencia da violencia de xénero contra mulleres e nenas.

Día a día, constatamos con fonda tristura o peche de fronteiras mediante a construción “express” de vallas de arame, para evitar o tránsito de persoas desesperadas. Ademais, decenas de miles de persoas permanecen aínda atrapadas debido ao peche de fronteiras e a lentitude no proceso de reubicación.

Resulta intolerable o establecemento de cupos para a acollida de persoas, que non son mais que cupos para a solidariedade e os dereitos humanos. Cupos mínimos que non se cumpren. O Estado Español en dous anos só acolleu a 1.983 refuxiados de máis de 5.500.000 vítimas da guerra de Siria que fuxiron da morte e que segundo as leis internacionais, teñen dereito de asilo e refuxio.

Por outra banda, a implementación de acordos como o asinado o pasado ano con Turquía que aproba a expulsión das persoas que chegan a Grecia, vulnera a Carta Internacional de Dereitos Humanos, a Carta de Dereitos Fundamentais da UE, o Convenio Europeo de Dereitos Humanos e a Convención de Xenebra para as persoas Refuxiadas, así como diferentes Directivas europeas en materia de asilo.

Consideramos esta situación inmoral e tamén ilegal porque a súa aplicación supón un risco real para a vida das persoas. Persoas en busca de refuxio e asilo que son utilizadas como moeda de cambio, respondendo a intereses económicos e xeoestratéxicos, en contas de protexer os dereitos humanos, que as convencións internacionais obrigan a garantir tanto a UE como Turquía.

Facer das persoas refuxiadas unha mercadoría para o intercambio económico é inhumano, ilegal e intolerable. Este “Acordo da Vergoña”, xunto coas medidas adoptadas unilateralmente polos estados membros que dificultan ou impiden a entrada no seu territorio das persoas solicitantes de asilo, non achegan solucións, pero si provocan a apertura doutras vías máis perigosas e custosas para as persoas refuxiadas como a do Mediterráneo Central, a máis mortal do mundo.

O Concello de Santiago de Compostela reafirma os seus compromisos de acollida de persoas refuxiadas e o seu compromiso de pór a disposición das mesmas os recursos precisos para unha acollida digna e polo tanto garantir oempadroamento subsidiario en dependencias municipais para as persoas inmigrantes ourefuxiadas que non teñan un domicilio, e axilizar os trámites a quenesxa o solicitaron, así como o incremento e posta a disposición das persoas migrantes e refuxiadas os recursos existentes para o conxunto das persoas en situación de pobreza e/ou exclusión. Asímesmo, continuar cos programas de formación específicos dirixidos aopersoal das administracións públicas que atenden en distintos servizos a persoas migrantes e refuxiadas.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal de Compostela Aberta propón ao pleno da Corporación de Santiago de Compostela para a súa aprobación, a adopción dos seguintes ACORDOS:

Instar á Fundación Princesa de Asturias que retire a concesión do Premio na categoría de Concordia á Unión Europea.

Esixir ao goberno do Estado que cumpra os compromisos de acollida de persoas refuxiadas que remataron o pasado día 26 de setembro con 1983 persoas acollidas das 1737 comprometidas.

Esixir ao goberno do Estado que faga os trámites necesarios para que a UE derroque os acordos internacionais que incumpran a lexislación internacional e os Dereitos Humanos, como o que a UE asinou en Marzo de 2016 con Turquía.

Esixir ao goberno central do Estado Español que as políticas de inmigración e refuxio do Estado Español e do resto de estados membros da UE cumpran cos dereitos humanos e co resto de convenios internacionais que actualmente están a incumprir, arriba reseñados.

Realizar un acto público en recoñecemento das persoas que perderon a vida nas nosas fronteiras.

3.- Rexistro de entrada do día 19 de outubro de 2017, núm. 325, para instar ao Goberno Galego para impulse un acordo nacional para o monte galego.

Xan Duro Fernández, concelleiro de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado 15 de outubro Galicia sufriu unha traxicaxornada na que chegaron a estar activos máis de 130 incendios forestais. Este lume non só arrasou millares de hectáreas de terreo -aínda non existen datos oficiais- e causou danos materiais difícilmente cuantificables, senón que mesmo levou por diante a vida de catro persoas.

Por todo o país vivíronse escenas de pánico como as que aínda tiñamos tan presentes da vaga de incendios de 2006. Nese ano, arderon en toda a comunidade 96.000 hectáreas, unha cifra que queda moilo nxe das 200.000 que resultaron queimadas en 1989.

Despois do desastre ambiental dese ano, a Xunta empezou a traballar no que sería o

Plan Forestal de Galicia 1992-2032, un documento básico que establece o modelo forestal a longo prazo e fixa as liñas de acción da administración autonómica nesteido. Entre os seus obxectivos, o PFG falaba da recuperación do patrimonio natural e dos bosques autóctono e do fomento dunha cultura forestal na sociedade galega acorde coa importancia estratéxica do monte e do sector forestal.

En xullo de 2016, o Consello de Contas fixo público un informe de avaliación do Plan Forestal de Galicia, máis en concreto da súa execución no período 2008-2012. Nel, o ente fiscalizador das contas públicas galegas critica que “aínda que o primeiro obxectivo do Plan Forestal era a estruturación e capitalización dos espazos forestais, transcorridos máis de vinte anos desde a súa aprobación os esforzos orzamentarios seguen concentrados no programa de prevención e extinción de incendios”. De feito, o plan fixaba como obxectivo dedicar ás políticas forestais o 3% do total dos orzamentos autonómicos, pero no período analizado destinouse a ese fin o 1,55 % das contas públicas, e executouse o 1,44 %. En 2014, a porcentaxe executada baixou aínda máis, ao 1,22 por cento.

No mesmo informe apúntase que no período 2008-2012 debéra dedicarse á prevención de incendios un 13,20 % do total do orzamento do Plan, fronte a un 86,80 % para o fomento das políticas forestais, pero “a realidade orzamentaria do quinquenio amosa como se inverte esa porcentaxe”. Engade o ente fiscalizador “que o primeiro obxectivo do Plan é a estruturación e capitalización dos espazos forestais, porén obsérvase que os esforzos orzamentarios concéntranse no programa de prevención e extinción de incendios”. A maiores do reparto orzamentario, o informe do Consello de Contas apunta ao escaso cumprimento do Plan Forestal de Galicia 1992-2032.

As recomendacións do Consello de Contas e as do propio Plan Forestal de Galicia apuntan ao que é unha evidencia: os incendios forestais non se poden tratar con independencia de cuestións máis amplas relacionadas coa ordenación do territorio e coas políticas vinculadas ao sector gandeiro e agrícola. A súa abordaxe non se pode limitar a accións curtas e pragmatistas, senón que son precisas políticas a medio e longo prazo que, xa que logo, esixen o consenso de todos os axentes implicados: políticos, sociais e empresariais.

Tampouco se pode simplificar o debate ao redor do lume, poñendo o foco unicamente en quen ou como se prende a primeira chama ou falando de tramas organizadas que, polo de agora, non foron identificadas nin na vaga de lumes do pasado 14 de outubro, nin na de 2006, nin na de 1989.

Loitar contra os incendios forestais implica traballar para termos un monte integrado, máis bosques naturais e menos plantacións, nos que se aproveiten os recursos naturais de xeito sostible e sen comprometer a súa viabilidade.

En base a todo o exposto anteriormente o grupo municipal de Compostela Aberta solicita ao pleno do Concello de Santiago da adopción do seguinte:

ACORDO ÚNICO

- Instar á Xunta de Galicia para que impulse un ‘Acordo nacional para o monte galego’ que permita superar a situación actual de desastre ambiental e social. Un novo pacto que implique unha nova política forestal que, partindo de análises pluridisciplinares, acheguesolucións a longo prazo e para as próximas décadas. Este acordo nacional recollería, como mínimo, as seguintes cuestións:

a) A implicación de todos os sectores e axentes implicados acadando un consenso de base social con propietarios, produtores, movementossociais, grupos políticos e sindicais, e trasladar o mesmoao sector industrial implicado. O obxectivo ten que ser reverter a tendencia do gasto público, destinando máisesforzo á reestructuración do sector primario, o cal revertirá nuns menores custos en prevención e extinción.

b) Un novo modelo de xestión e aproveitamento do monte galego que recoñeza e protexa as súasfunciónsecosistémicas e sociais, que sexapartillado e corresponsabilizado por todos os axentes e con fortes doses de innovación social, así como a profesionalización das tarefas silvícolas e o emprego dos mellores avances científicos.

c) Un dispositivo único e público de loita contra os incendios que progresivamente implique a eliminación de todas as contratacións de persoalalleas a este servizo público e a publicación de Ofertas Públicas de Emprego que combatan a precariedade laboral actual de grande parte destestraballadores.

d) Unha planificación transversal que implique taménunha política agraria e gandeira que sexa o instrumento necesario para unha promoción da agricultura e a gandería asentadas no territorio. Así como de medidas que favorezan a implantación no ámbito rural de pequenas industrias de transformación e servizos vinculados ao sector primario e ambientalmente sustentables

e) O impulso de prácticas “naturalizadoras”, que teñan en conta a fauna e flora autóctonas e a complexidade dos ecosistemas, fomentando o cultivo daquelas especies arbóreas caducifolias, propias do país, que polassúas características favorecen a retención de auga no ecosistema e un menor desenvolvemento da matogueira.

f) Moratoria inmediata para a plantación de eucalipto e posterior fixacióndun límite para a ocupación do territorio por monocultivos de especies pirofitas (eucalipto, piñeiros, ...), atendendo especialmente ao efecto que a mudanza climática pode ter no sur e centro do

país. Eliminación inmediata do eucalipto nos espazos protexidos.

g) Políticas de educación ambiental e valoración do rural e do monte como un elemento enriquecedor e singularizador da sociedade galega.

h) Derogación ou adaptación de toda a lexislación que prime o aproveitamento industrial do monte fronte os usos tradicionais e comunitarios.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

1.- Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2017, núm. 313, para a reforma urxente da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Retirada en Xunta de portavoces.

1.- Rexistro de entrada do día 16 de outubro de 2017, núm. 314, para reconsiderar a regulación aprobada para a utilización da sala Agustín Magán no centro socio-cultural de Santa Marta.

O Grupo Municipal Socialista mantivo unha xuntanza coa Asociación Veciñal de Santa Marta na que se abordaron unha serie de cuestións que están a afectar notablemente á veciñanza.

A representación veciñal transmitíunos a súa inquedanza polo que está a acontecer no centro socio-cultural de Santa Marta, concretamente coa utilización da Sala Agustín Magán, reservada para proxectos de artes escénicas e usada como local de ensaio de compañías privadas e creadores de artes escénicas profesionais que posteriormente realizan actuacións noutros espazos de forma remunerada. Denuncian por tanto, o uso particular que se lle está dando a un edificio público, ao tempo que manifestan a infrautilización desta magnífica sala que en numerosas ocasións atópana pechada.

Esta circunstancia preocúpalles e estalles a ocasionar importantes problemas para o desenvolvemento das actividades da asociación veciñal ou doutras asociacións sen ánimo de lucro. Tamén comunican que en ocasións teñen solicitado o uso dunha sala da Casa das Asociacións de Cornes e foille denegada.

A asociación veciñal para o desenvolvemento das súas actividades considera necesario que se estude construír, nunha das parcelas municipais dese ámbito, unha marquesiña cuberta na que se poidan levar a cabo as múltiples actividades que a asociación quere levar a cabo no barrio.

Con respecto ás obras pendentes, reclaman máis alumeado público na contorna do Centro Socio-Cultural, así como a necesidade de instalar unha varanda no acceso ao centro e a reparación das beirarrúas da contorna.

A veciñanza tamén ven reclamando un parque biosaludable na zona xa que é unha demanda de moitas das persoas que cada día frecuentan os parques e xardíns máis próximos.

Por todo o exposto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

1.- Que o goberno municipal reconsidere a regulación aprobada para a utilización da Sala Agustín Magán do Centro Socio-Cultural de Santa Marta, priorizando a necesidade de espazos para o desenvolvemento de actividades da asociación veciñal do barrio.

2.- Que o goberno municipal estude e valore a necesidade de construír un espazo cuberto para a realización de actividades, usos múltiples, en calquera das parcelas municipais do entorno de Santa Marta.

3.- Que o goberno municipal contemple nos orzamentos de 2018 unha partida para a instalación dun parque biosaludable en Santa Marta.

4.- Que o concelleiro de obras dea as instrucións necesarias para que se proceda á reparación das beirarrúas deste ámbito, así como a mellora do alumeado público e a instalación dunha varanda no acceso ao CSC.

2.- Rexistro de entrada do día 18 de outubro de 2017, núm. 320, de urxencia sobre a vaga de lumes que asolou Galicia.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira máis intensa no pasado domingo 15 de outubro, supuxo unha nova desgracia para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para a autopercepción como sociedade avanzada e coidadosa de si mesmo e da súa terra. Pero, indiscutiblemente, e

sen punto de comparación, as desgracias humanas sufridas durante estes días que causaron a morte de 4 persoas foron unha perda irreparable e insuperable.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte galego. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte supón un elemento de grande perigo, e un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, Concellos, Deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da administración e os distintos colectivos.

A política de extinción de incendios do Goberno da Xunta de Galicia foi errática e chea de bandazos . A decisión de non prolongar contratos de persoal anti-incendios (fixos discontinuos de 3 meses 436 persoas e 500 de Seaga), a facilidade de procesos de privatización dos recursos dispoñibles, a deixamento na atención as advertencias de perigo que dende distintos puntos e voces autorizadas e expertas fixeron do nivel de perigo existente, o rexeitamento de iniciativas parlamentarias e municipais que fixeron distintos grupos políticos.

A situación vivida especificamente nos últimos días, e nomeadamente no último domingo, foi absolutamente desesperanzadora. Os concellos víronse sobrepassados, mais tiveron que afrontar os lumes cos seus únicos medios municipais e/ou con minguados efectivos autonómicos. Existiu unha claramente deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista somete a votación a presente MOCIÓN para aprobar as seguintes propostas á Xunta de Galicia:

Conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e corpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes.

Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.

Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e manantiais.

Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas.

Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia galega contra os incendios.

Antes de proceder a entrar no debate das mocións, dáse lectura ás declaracións institucionais, que veñen a substituír a mocións do BNG sobre a escola de idiomas e moción de CA en relación a escola infantil de Santa Susana.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras aproba as seguintes declaracións institucionais, que veñen asinadas polos portavoces dos catro grupos políticos municipais, e que teñen o seguinte contido:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA RECLAMAR UNHA PARTIDA PARA A ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS NOS ORZAMENTOS DA XUNTA

En setembro de 2012, o Concello de Santiago puxo a disposición da Xunta de Galiza unha parcela de 6.200 m² no barrio de Santa Marta para a realización dunha nova escola oficial de idiomas.

As actuais instalacións non permiten dar acollida a toda a demanda de estudantado, incumpren o Decreto 197/2007 que marca as condicións mínimas que debe ter un inmóbel público para o ensino de idiomas e limitan o número de linguas que se poidan impartir, como chinés (que se ofrece na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo), xaponés, ruso ou árabe que non se ofertan na EOI de Santiago de Compostela por falta de aulas, pese a que existe demanda.

As consecuencias da falta de espazo son tamén que existe un desdobramento, para estudar en Vite e nun centro educativo en Sar que non está habilitado, ademais dun mal uso onde o salón de actos, laboratorio e outros departamentos se teñen que usar como aulas.

Santiago de Compostela é unha cidade coa singularidade de ter unha universidade cinco veces centenaria con varios milleiros de alumnos e alumnas que, coa entrada do Plan

Bolonia, teñen que ter unha titulación equivalente a un B-1 para obter o título de grao. A iso súmase a demanda por parte do funcionariado da Xunta e tamén do sector turístico, que ten un contacto directo con persoas estranxeiras onde a necesidade de formación en materia de idiomas é unha constante.

Nas actuais instalacións, cómpre actuar por parte do Concello de xeito inmediato nas cuestións que son competencia propia. É necesario o arranxo do aparcadoiro que está cheo de fochancas e ten un número de prazas insuficiente, pois hai 3.000 alumnos e alumnas e 900 máis que se presentan por libre e ten unha ocupación de 9:00 a 22:00 horas, cunha rotación e un tráfico constantes. Ademais, na contorna debe instalarse un paso de peóns máis, enfronte da Facultade de Xornalismo para mellorar a mobilidade.

Por todo isto, a Corporación do Concello de Santiago **ACORDA**:

1.- O Concello de Santiago de Compostela esixiralle á Xunta de Galicia a dotación dunhas instalacións para a Escola Oficial de Idiomas do noso municipio, acordes en tamaño e dotación á demanda existente e prevista e que reúna os requisitos esixidos pola normativa vixente para poder impartir ensinanzas de idiomas con garantía de calidade. Para isto, iniciará un proceso de diálogo conducente á celebración dun acordo coa Administración Autonómica, partido da disposición do Concello a facilitar, se así é preciso, unha parcela municipal para acoller un novo edificio, que pode ser a xa ofrecida, ou calquera outra das parcelas municipais que reúna os requisitos esixidos para tal fin.

2.-O Concello de Santiago de Compostela levará a cabo o arranxo do aparcadoiro e o pintado dun novo paso de peóns para mellorar os accesos e a seguridade viaria no edificio actual da EOI.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA RECUPERACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL DE SANTA SUSANA

En 2016, a Escola Infantil de Santa Susana, dependente da Xunta de Galicia e con dispoñibilidade de máis de 80 prazas, pechaba as súas portas para a realización de traballos de rehabilitación, coa promesa -segundo se daba conta nunha nota de prensa da Consellería de Políticas Sociais- de que o peche afectaría tan só ao curso 2016-2017.

Xa iniciado o curso 2017-2018, a realidade é que as obras non teñen comezado, polo que o peche do centro afectará a cando menos dous períodos escolares, coa conseguinte redución de prazas públicas de educación infantil

Por todo isto, a Corporación do Concello de Santiago **ACORDA**:

Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha as obras da Escola Infantil de Santa Susana, para o reinicio do servizo no curso escolar 2018-2019.

A continuación e con relación ás mocións presentadas polos grupos municipais, e tras o debate das mesmas e da declaración da súa súa urxencia, procédese a súa votación.

A primeira moción en ser debatida e votada, é do grupo municipal Popular, para apoiar e respaldar as forzas e corpos de seguridade do estado como garantes do estado de dereito, a que presentou unha emenda o BNG e que non foi aceptada polo grupo propoñente da moción, sometida a votación a moción, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), e 12 votos en conta dos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG(10 CA e 2 BNG)), ao procederse empate, procédese a unha segunda votación con idéntico resultado, e co voto de calidade do señor alcalde-presidente, en sentido desfavorable á mesma, queda rexeitada.

En relación á moción do grupo municipal Popular, para solicitar a adhesión do Concello ao convenio marco asinado pola Xunta e a Fegamp, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), e 12 votos en conta dos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG)), ao procederse empate, procédese a unha segunda votación con idéntico resultado, e co voto de calidade do señor alcalde-presidente, en sentido desfavorable á mesma, polo que é rexeitada.

A moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa a regulación aprobada para a utilización da Sala AgustínMagán, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda:

- 1.- Que o goberno municipal reconsidere a regulación aprobada para a utilización da Sala AgustínMagán do Centro Socio-Cultural de Santa Marta, priorizando a necesidade de espazos para o desenvolvemento de actividades da asociación veciñal do barrio.
- 2.- Que o goberno municipal estude e valore a necesidade de construír un espazo cuberto para a realización de actividades, usos múltiples, en calquera das parcelas municipais do entorno de Santa Marta.

3.- Que o goberno municipal contemple nos orzamentos de 2018 unha partida para a instalación dun parque biosaúdable en Santa Marta.

4.- Que o concelleiro de obras dea as instrucións necesarias para que se proceda á reparación das beirarrúas deste ámbito, así como a mellora do alumeadado público e a instalación dunha varanda no acceso ao CSC.

Con respecto á moción do grupo municipal do BNG, para a adopción de acordos e compromisos no tocante á violencia de xénero, á que presentou unha emenda o grupo municipal Popular e que non foi aceptada polo grupo proponente da moción, o Pleno por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE (2 BNG, 10 CA e 3 PSdeG-PSOE), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, a comezar por destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.

2. Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3. Axilizar a posta en marcha do IV Plan Municipal de Igualdade, no relativo a atender os casos de mulleres que sofren violencia por razón de xénero e concienciar, informar e facer reflexionar a cidadanía compostelá de que queremos un concello é un espazo libre de violencia. Iniciar a campaña prevista nese plan, con carácter permanente, con especial incidencia na mocidade, para a identificación e sinalización permanente de espazos públicos como “non tolerantes” coas violencias machistas, así como promover a sensibilización e visibilización nos espazos lúdicos e festivos incidindo nos comportamentos libres de violencia.

4. Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano.

No tocante á moción do BNG, para impulsar un plan global de creación de escolas infantís, o Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras, acorda que o concello impulse que se realice un plan de actuación global, plurianual e interadministrativo para a dotación de prazas de escolas infantís públicas, tendo en conta a proxección demográfica de Santiago de Compostela, co fin de favorecer á conciliación da vida familiar e laboral, a programación educativa en galego e a xustiza social, con garantía de acceso ás familias con rendas máis baixas e en situación de especial dificultade.

Con respecto á moción do grupo municipal de Compostela Aberta, relativa á retirada do premio da Concordia á Unión Europea, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor dos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular e 3 abstencións do grupo municipal Socialista, acorda:

Instar á Fundación Princesa de Asturias que retire a concesión do Premio na categoría de Concordia á Unión Europea.

Esixir ao goberno do Estado que cumpra os compromisos de acollida de persoas refuxiadas que remataron o pasado día 26 de setembro con 1983 persoas acollidas das 1737 comprometidas.

Esixir ao goberno do Estado que faga os trámites necesarios para que a UE derroque os acordos internacionais que incumplan a lexislación internacional e os Dereitos Humanos, como o que a UE asinou en Marzo de 2016 con Turquía.

Esixir ao goberno central do Estado Español que as políticas de inmigración e refuxio do Estado Español e do resto de estados membros da UE cumpran cos dereitos humanos e co resto de convenios internacionais que actualmente están a incumprir, arriba reseñados.

Realizar un acto público en recoñecemento das persoas que perderon a vida nas nosas fronteiras.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre a vaga de lumes que asolou Galicia, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en

contra dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, acorda:

Conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e corpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes.

Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.

Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e manantiais.

Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas.

Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia galega contra os incendios.

A moción presentada polo BNG, para adopción de medidas co fin de evitar unha nova vaga de incendios, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza á desenvolver unha política de desenvolvemento rural que revirta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.
2. Instar á Xunta de Galiza a que realice, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións lexislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.
3. Instar á Xunta de Galiza a establecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.
4. Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante, entre outras medidas, a:

-Unha maior implicación, na colaboración cos Concellos, dos Distritos Forestais en materia de limpeza e vixilancia.

-O establecemento e mantemento de faixas de protección.

-Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.

5. Instar á Xunta de Galiza a reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.

Na moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para que o goberno galego impulse un acordo nacional para o monte galego, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, acorda:

- Instar á Xunta de Galicia para que impulse un ‘Acordo nacional para o monte galego’ que permita superar a situación actual de desastre ambiental e social. Un novo pacto que implique unha nova política forestal que, partindo de análises pluridisciplinares, acheguesolucións a longo prazo e para as próximas décadas. Este acordo nacional recollería, como mínimo, as seguintes cuestións:

a) A implicación de todos os sectores e axentes implicados acadando un consenso de base social con propietarios, produtores, movementos sociais, grupos políticos e sindicais, e trasladar o mesmo ao sector industrial implicado. O obxectivo ten que ser reverter a tendencia do gasto público, destinando máis esforzo á reestructuración do sector primario, o cal revertirá nuns menores custos en prevención e extinción.

b) Un novo modelo de xestión e aproveitamento do monte galego que recoñeza e protexa as súas funcións ecosistémicas e sociais, que sexa compartido e corresponsabilizado por todos os axentes e con fortes doses de innovación social, así como a profesionalización das tarefas silvícolas e o emprego dos mellores avances científicos.

c) Un dispositivo único e público de loita contra os incendios que progresivamente implique a eliminación de todas as contratacións de persoal alleas a este servizo público e a publicación de Ofertas Públicas de Emprego que combatan a precariedade laboral actual de grande parte dos traballadores.

d) Unha planificación transversal que implique tamén unha política agraria e gandeira

que sexa o instrumento necesario para unha promoción da agricultura e a gandería asentadas no territorio. Así como de medidas que favorezan a implantación no ámbito rural de pequenas industrias de transformación e servizos vinculados ao sector primario e ambientalmente sustentables

e) O impulso de prácticas “naturalizadoras”, que teñan en conta a fauna e flora autóctonas e a complexidade dos ecosistemas, fomentando o cultivo daquelas especies arbóreas caducifolias, propias do país, que polassúas características favorecen a retención de auga no ecosistema e un menor desenvolvemento da matogueira.

f) Moratoria inmediata para a plantación de eucalipto e posterior fixación dun límite para a ocupación do territorio por monocultivos de especies pirofitas (eucalipto, piñeiros, ...), atendendo especialmente ao efecto que a mudanza climática pode ter no sur e centro do país. Eliminación inmediata do eucalipto nos espazos protexidos.

g) Políticas de educación ambiental e valoración do rural e do monte como un elemento enriquecedor e singularizador da sociedade galega.

h) Derogación ou adaptación de toda a lexislación que prime o aproveitamento industrial do monte fronte os usos tradicionais e comunitarios.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente de una por finalizada sendo as 24:00 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández